


**MOSTRA VIRTUAL:
«DESENTERRANDO VITRINAS»
RUTA ARQUEOLÓXICA POLO MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO»**

CULTURA CASTREXA	CULTURA ROMANA	IDADE MEDIA	IDADE MODERNA
PLANTA BAIXA			
	O TORQUES DE BARDAOS		
	O TESOURO DO RECOUSO		
	O TESOURO DE CASTRO MAIOR		
	IRIA FLAVIA. O XACEMENTO ARQUEOLÓXICO		
	CABEZA CASTREXA DO CASTRO LUPARIO		
	O TOURO DE IRIA FLAVIA, BOI APIS?		
	A MOEDA DA <i>TRANSLATIO</i> . ÓBOLO DE FERNANDO II		
	SAN GUILLERME DE FISTERRA		
	EPIFANÍA. ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS ARZÚA		
	SELO DE PAN (ALCAZABA DE MÁLAGA)		
PRIMEIRA PLANTA			
	A VIEIRA. INSIGNIA DE PEREGRINO		
	INSIGNIAS DE ACIBECHÉ		
SEGUNDA PLANTA			
	A EVOLUCIÓN DA CATEDRAL. OS RESTOS ARQUEOLÓXICOS		
	A RODA DA FORTUNA		
	ALIMENTACIÓN MEDIEVAL EN COMPOSTELA		
	ENXOVAL DE MESA MEDIEVAL EN MADEIRA		
	O XUGO		
	A OLERÍA MEDIEVAL		
	A ROCHA FORTE. FORTALEZA MEDIEVAL		
	RESTOS ARQUITECTÓNICOS // O ESTAMENTO NOBRE		
	CAMBIADORES. O FLORÍN DE OURO		
	MARCAS E SELOS		
	O COIRO. BOTÍN MEDIEVAL E OUTROS RESTOS		
	O TESOURO DE CARBOEIRO		
	O COMERCIO EN ÉPOCA MODERNA EN COMPOSTELA A TRAVÉS DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS		

PLANTA BAIXA



PLANTA BAIXA

- 1 Torques de Bardaos
- 2 Tesouro do Castro do Recousó
- 3 Tesouríños de Denarios do Castro de Castromaior
- 4 Xacemento arqueolóxico de Iria Flavia
- 5 O pequeno touro en bronce Iria Flavia, boi apis?
- 6 Cabeza castrexa do Castro Lupario
- 7 A moeda da Translatio. Óbolo de Fernando II
- 8 San Guillherme de Fisterra
- 9 Epifanía. Escavación arqueolóxica en Arzúa
- 10 Selo de pan. Alcazaba de Málaga

1. O TORQUES DE BARDAOS

No ano 2006 ingresaba no Museo das Peregrinacións e de Santiago o torques de ouro procedente do xacemento arqueolóxico da Croa ou Castro de Bardaos, en Tordoia (A Coruña). Trátase dun achado casual, realizado en data indeterminada e en circunstancias imprecisas no interior da croa do castro (Ladra, 2006: 46). Nos anos noventa foi atopado outro exemplar durante traballos agrícolas no interior da croa do castro. Este está depositado no Museo Provincial de Lugo, é de tipoloxía diversa, pertencendo aos denominados torques ártabros (Martínez López, 2014:102).

Os torques son as pezas máis importantes e salientables da ourivería castrexa. A interpretación tradicional considera este obxecto como un adorno persoal de pescozo, masculino e de propiedade individual (Armada Pita e García Vuelta, 2014: 57).

Son colares ríxidos con forma de C elaborados en metais preciosos. Están formados por diferentes partes: unha variña que forma o corpo principal ou hasta, dous remates nos extremos de formas moi diversas e a presenza ou non de decoración (Martínez López, 2014:94). Recentes investigacións coinciden en interpretar os torques con diversas dimensións de lectura: tecnolóxica, económica, funcional, simbólica, etc. (Armada Pita e García Vuelta, 2014: 57).

O torques de ouro do MDPS defínese por ter hasta lisa, aberta en forma de C e nos extremos conta cun remate de tipo piriforme ou *feitío de periña*. O remate do exemplar de Bardaos é oco, realizado coa técnica de baleirado en molde á cera perdida. A superficie exterior presenta unha pequena perforación, esta tería unha función de respiradoiro á hora de soldar este terminal co aro (Ladra, 2006: 49). Non ten decoración, só unha pequena incisión na zona central da hasta.

XACEMENTO	Castro da Croa, Bardaos (Tordoia, A Coruña)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Achado casual
TIPOLOXÍA	Morfotipo C1a
CRONOLOXÍA	Segunda Idade do Ferro (s. IV – I a. C.)
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-811
	Catalogador: B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: Tradición. A evanxelización de Hispania

Cronoloxicamente sitúase de forma xenérica entre os séculos IV – I a. C., na segunda Idade do Ferro, en plena cultura castrexa. Está catalogado tipoloxicamente como un morfotipo C1a (Pérez Outeiriño, 1990) por dispor de remate piriforme (C) e hasta de sección circular (1) e indivisa (a).

Bibliografía de referencia:

Ladra Fernández L. 2006: "Un novo torques achado na Croa de Bardaos (Tordoia, A Coruña)", *Anuario Brigantino*, nº 29, 39-52.

Para saber máis:

Armada, X. L. y García Vuelta, Ó. 2014: "Os atributos do guerreiro, as ofrendas da comunidade. A interpretación dos torques a través da iconografía", *El torques de Centroña. Cátedra. Revista Ponteumesa de Estudos. Monografías*, nº 3, 57 – 92.

Balseiro Garcia, O. 2003: "A ourivería na Idade do Bronce 1" en *Boletín do Museo Provincial*, 33-52.

Falcon Torres, A. 2019: "A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo", Deputación de Lugo, Lugo, 2018" en Balseiro Garcia, O.(ed.), *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (38), 153-156.

Martínez López, M. C. 2014: "Catálogo de torques ártabros", *El torques de Centroña. Cátedra. Revista Ponteumesa de Estudos. Monografías*, nº 3, 93 – 120.

Pérez Outeiriño, B. 1990: "Achega tipolóxica para o estudio dos torques aureos do NW.", *Gallaecia*, 12, 139-151.

Rodríguez, C. F. y García Casal, R. 1998: "Acerca de otro nuevo torques de alambres enrollados", *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (17), 245-250.

2. O TESOURO DO RECOUSO

A ourivería castrexa é un dos símbolos característicos da Idade do Ferro no noroeste peninsular. Se nos imos ás orixes, atopamos unha longa tradición iniciada a finais do terceiro milenio antes de Cristo coa produción de xoias sinxelas, como son as diademas e as gorxeiras de tiras que se irán decorando de forma complexa e que se converterán nunha auténtica fonte histórica para o estudo destas sociedades. A etapa de esplendor desta tradición ourive darase en plena época castrexa. Prodúcese un extraordinario fenómeno de simbiose entre diversas tradicións estéticas autóctonas, centroeuropeas e mediterráneas, conxugando diversos coñecementos técnicos como a filigrana, o granulado e a soldadura (Pérez Outeiriño, 1990). Grazas a esta mestura de coñecementos xorde unha produción artística extraordinaria que marcará historicamente a simboloxía e a identidade da cultura castrexa.

Durante a visita ao MDPS podemos gozar dun conxunto extraordinario desta produción artística castrexa: o tesouro do Recousó. Foi descuberto de forma casual en 1920 no interior do castro do Recousó (San Martiño de Marzoa, Oroso, A Coruña) e depositado no Museo das Peregrinacións e de Santiago no ano 2002 por Felipe R. Cordero Carrete, a excepción dunha peza que xa fora depositada previamente no Museo Provincial de Lugo por X. Carro García (García Vuelta e Armada Pita, 2011: 456).

O conxunto do MDPS está formado por dezaseis arracadas de ouro de forma penanular decoradas coa técnica da filigrana e/ou granulado, dez cadeas do tipo *loop in loop*, un terminal de cadea e sete fragmentos de aneis de suspensión, así como catro tortas de fundición elaboradas con materiais de aliaxe de ouro e prata. A novidade deste conxunto é que actualmente está sendo sometido a traballos de investigación especializados centrados no estudo da súa produción, materiais, métodos e composición.

XACEMENTO	Castro do Recousó, Marzoa (Oroso, A Coruña)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Achado casual Depósito Felipe R. Cordero Carrete
TIPOLOXÍA	Arracadas de ouro de forma penanular Cadeas do tipo <i>loop in loop</i>
CRONOLOXÍA	S. II – I a. C.
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-524 ao D-537
	Catalogador/a(s): I. Pesquera Vaquero B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: Tradición. A evanxelización de Hispania

Deste maneira obtivéronse interesantes resultados, como a datación por carbono 14 a través dos restos orgánicos que contiñan no seu interior e que permitiron datar as arracadas entre os séculos II - I a. C. (Armada Pita e García Vuelta 2015; Armada *et alli.* 2017).

Bibliografía de referencia:

Armada Pita, X.L. e García Vuelta, O. 2015: "Dating Iron Age goldwork: First direct AMS 14C results from Northwestern Iberia", *Trabajos de prehistoria*, 372-382.

Armada, X.L. , García-Vuelta, O., Kaal, J., Martín-Seijo y Porto, Y., 2017: "Characterization of cores and organic remains in Iron Age gold objects: The Recouso treasure, Materials and Manufacturing Processes", 32:7-8, 740-748.

Carro Otero, J. Joyas gallegas prerromanas: el 'Tesoro de Recouso' (I-II). El Correo Gallego 1996, 17 y 24 marzo.

García Vuelta, O. e Armada Pita, X.L. 2011: "Tesoros olvidados. Propuestas para el estudio e interpretación del conjunto de orfebrería castreña de Recouso (San Martiño de Marzoa, Oroso, A Coruña)" en Braz Martins *et al* (coords) *Povoamento e exploração dos recursos mineiros da Europa atlántica ocidental*, 453 – 461.

Pérez Outeiriño, B. 1982: "Arracadas do Castro de Recouso (Oroso, Coruña). De ourivesaria castrexa I. Arracadas", *Boletín Auriense. Anexos* 1, 74-77.

Pérez Outeiriño, B. 1992: "Almacenamento da materia prima entre os ourives castrexos: lingotes planoconvexos", en Fernando Acuña Castroviejo (coord.), *Finis Terrae: estudos en lembranza do Pfsor. Dr. Alberto Balil*, 97-132.

Pérez Outeiriño, B. 2004: "Tesouro do Castro de Recouso: lingotes", en Francisco Singul y José Suárez Otero (eds.), *Até o confín do mundo: diálogos entre Santiago e o mar*, 41.

Para saber máis:

Armada, X.-L. e García-Vuelta, O. : "Iron Age gold in Northwestern Iberia: technology, chronology and social meaning; In Iron Age gold in Celtic Europe – society, technology and archaeometry" en Armbruster, B., Schwab, R., (Eds.) *Forschungen zur Archäometrie und Altertumswissenschaft*, Verlag Marie Leidorf: Rahden/Westf., In press.

Armada, X.-L., García-Vuelta, O., Perea, A. e Porto, Y. 2013: "Iron Age goldwork as cultural heritage: Building strategies for its research, conservation and social valuation in NW Spain" en Rogerio- Candelera, M. A., Lazzari, M. e Cano, E. (Eds.), *Science and technology for the conservation of cultural heritage*; CRC Press: London, 401-405.

Balseiro, A. 1994: *El oro prerromano en la provincia de Lugo*; Diputación de Lugo.

Blanco Freijeiro, A. 1957: "Origen y relaciones de la orfebrería castrexa", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XII.

Ladra, L. e Martinón-Torres, M. 2009: "Variacións tecnolóxicas e preferencias culturais: estudo analítico dos ouros do castro de Viladonga" en *Croa*, 19, 32-43.

3. O TESOURO DE CASTROMAIOR

A moeda como obxecto arqueolóxico proporciona moita información tanto de carácter cronolóxico como para o estudo do comercio e circulación monetaria. O carácter e a información que proporciona a súa aparición en contextos arqueolóxicos pode variar segundo se trate dun achado casual, dunha escavación sistemática ou dun tesouro (Francisco Olmos e Novoa Portela, 2009: 14).

Neste caso estamos ante un tesouro, entendido como unha agrupación ou almacenamento de moedas nun lugar oculto (Francisco Olmos e Novoa Portela, 2009: 15). Os máis importantes para a investigación arqueolóxica son os producidos por perdas accidentais, os tesouros de emerxencia e os orixinados por un desexo de aforro (Francisco Olmos e Novoa Portela, 2009: 15). Probablemente son os tesouros de emerxencia os que máis información achegan sobre a circulación monetaria nun período concreto, posto que a persoa que esconde estas moedas se sente en perigo, xa sexa por invasións, alteracións políticas, incendios, etc., e garda todo o que posúe, teña pouco ou moito valor (Francisco Olmos e Novoa Portela, 2009: 15 - 16). Este podería ser o caso do tesouro de Castromaior.

O tesouro numismático de Castromaior foi atopado nas escavacións sistemáticas levadas a cabo no ano 2009. Está formado por trece moedas¹ e todas elas con contextos estratigráficos precisos. Correspóndense co período republicano e augusteo, formando un conxunto particularmente excepcional para o noroeste da Península Ibérica. A moeda de cronoloxía máis recente é de finais do século I a. C., un denario de Augusto emitido en *Lugdunum* entre o 15 – 13 a. C., e as moedas máis antigas son dous denarios datados a finais do século II a. C. Isto leva aos seus investigadores a formular que probablemente se esconderon nunha data próxima ao cambio de era (Orejas Saco del

XACEMENTO	Castro de Castromaior (Portomarín, Lugo)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións arqueolóxicas programadas, 2009
	Arqueólogo/a(s): Y. Álvarez González L. Francisco López González M. Ángel López Marcos
TIPOLOXÍA	RRC 313/1b; RRC 322/1b; RRC 384/1, tipo 151; RRC 414/1; RRC 494/23; RRC 517/2; RRC 519/2; RRC 546/2a; RIC I, 272; RIC I, 165 a; RPC 435; RIC I, 207
CRONOLOXÍA	Finais do século II a. C. – finais do século I a. C.
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-1092/13
	Catalogador: B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: Tradición. A evanxelización de Hispania

¹ Once das trece moedas do conxunto foron atopadas na casa 3, habitación E36, situada na croa do castro (Orejas Saco del Valle et. al., 2015: 235). O contexto arqueolóxico deste achado estaba formado basicamente por cerámica castrexa, aparellos metálicos asociados a traballos agrícolas, elementos de bronce e as únicas producións romanas encontradas cerca deste sector foron algúns fragmentos de ánfora.

Valle et. al., 2015: 245). As trece moedas do conxunto foron estudadas e clasificadas numismaticamente, así como sometidas a estudos para determinar a súa composición mediante análises de isótopos. Os resultados pódense consultar en Orejas Saco del Valle *et. al.*, 2015.

As escavacións arqueolóxicas en Castromaior lévanse a cabo entre 2006 e 2009, escavándose máis de 1.000 m². O xacemento está situado ao sueste da provincia de Lugo, en Portomarín, sobre unha cima cun gran dominio visual. É un poboado fortificado con varias liñas de murallas, parapetos e fosos. Desenvólvese na Idade do Ferro, cunhas datas aproximadas de inicio entre os séculos VI – V a. C. e alcanza o seu esplendor entre os séculos I a. C. – I d. C. Presenta unha ocupación continuada no tempo ata o cambio de era cos primeiros contactos co mundo romano, momento no que se abandona o castro.

Bibliografía de referencia:

Orejas Saco del Valle, A., Montero Ruiz, I., Álvarez Criado, Y., López González, L. F., López Marcos, M. A., e Rodríguez Casanova, I. 2015: "Roman denarii from North-western Hispania. Findings from Castromaior (Lugo): a contextual, numismatic and analytic approach" en *Madridrer Mitteilungen*, 56, 232 -257.

Francisco Olmos, J. M^a. e Novoa Portela, F. 2009: *Catálogo de numismática do Museo das Peregrinacións e de Santiago*, Xunta de Galicia.

Para saber máis:

López Marcos, M. A., Álvarez González, Y. e López González, L. F. 2011: "Arquitectura defensiva en el Castro de Castromaior (Lugo). Análisis de las técnicas constructivas en el acceso al recinto central del poblado" en *Arqueología de la arquitectura*, 8, 47 – 63.

López González, L. F. (2008 e 2009): "Puesta en valor de Castromaior para fomento del turismo cultural en el Camino de Santiago (Portomarín, Lugo)" en *Actuaciones arqueológicas Año 2006 y 2007*, Xunta de Galicia.

4. IRIA FLAVIA. O XACEMENTO ARQUEOLÓXICO

Coa conquista do noroeste peninsular tras as guerras do 27 – 19 a. C., a administración romana implantarase neste territorio cunha efectiva organización desde as tres capitais augustas: *Bracara Augusta* (Braga), *Lucus Augusti* (Lugo) e *Asturica Augusta* (Astorga), presidindo os seus correspondentes *conventus* xurídicos. Co paso dos anos xorde unha serie de núcleos urbanos no noroeste vencellados á dinastía dos Flavios, ostentando o xentilicio da familia imperial (Blanco Freijeiro, 1984: 261): *Aquae Flaviae*, *Flavium Brigantium*, *Flavia Lambris*, *Bergidum Flavium*, *Interamnium Flavium* e Iria Flavia, nas proximidades de Padrón (A Coruña). Este asentamento, creado *ex novo* e do que aínda hoxe en día coñecemos moi pouco, está situado a escasos quilómetros do nacemento da ría de Arousa, cunha privilexiada situación xeográfica, favorecendo xa dende momentos temperáns as relacións comerciais que se prolongarán máis alá do fin do Imperio (López Pérez, López González, Álvarez González, 1999: 239).

Testemuños desta importancia comercial son os materiais arqueolóxicos recuperados nas campañas de escavación dos anos 1993 – 1994. Trátase dunha serie de intervencións arqueolóxicas de urxencia con motivo da modificación das estruturas da rede ferroviaria que afectaban o espazo protexido da zona da Horta e onde se documentan varios espazos de habitación que proporcionaron unha gran cantidade de material para o estudo deste xacemento romano.

Iria Flavia achega un importante conxunto cerámico, representativo para á época antiga en Galicia, atopándose unha importante variedade de *terra sigillata* (itálica -moi residual-, hispánica, gálica, africana, etc.), cerámica de paredes finas, lucernas, fragmentos anfóricos e un maior grupo formado por cerámica común. Tamén un conxunto importante de pesas de tear que nos están a falar das actividades domésticas deste asentamento, fichas feitas en cerámica, moedas, vidros, materiais de construción como tégulas, e restos metálicos.

XACEMENTO	Iria Flavia (Padrón, A Coruña)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións de urxencia 1993 – 1994
	Arqueólogo/a(s): Y. Álvarez González L. Francisco López González
TIPOLOXÍA	Pezas expostas no MDPS: TSH – Drag. 37a; TSH – Drag. 30; TSH Forma 2; TSH – Drag. 37b; Cerámica romana pintada de probable obradoiro bracarense e compás de bronce.
CRONOLOXÍA	Cronoloxía aproximada entre s. I – V d. C.
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-184.6928
	Catalogador/a(s): VV. AA.
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: Tradición. A evanxelización de Hispania

Na vitrina dedicada ao xacemento de Iria Flavia temos unha pequena representación dos materiais arqueolóxicos depositados nesta institución. O conxunto exposto está formado por unha selección de cerámicas de *terra sigillata* hispánica (Drag. 37 a, Drag. 37 b, Drag. 30 e TSH forma 2), cerámica romana pintada e un pequeno compás de bronce.

Bibliografía de referencia:

Álvarez González, Y. e López González, L.F. 1993: Informe preliminar da excavación no xacemento de "Iria Flavia". Padrón, A Coruña-1993, Depositado en los Servicios Técnicos de Arqueoloxía de la Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Álvarez González, Y. e López González, L.F. 1994: Informe preliminar da excavación no xacemento de "Iria Flavia". Padrón, A Coruña-1994, Depositado en los Servicios Técnicos de Arqueoloxía de la Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Del Río Canedo, V. 2016: "Las paredes finas en Galicia: Iria Flavia como caso de estudio" en R. Járrega Domínguez y P. Berni Millet, (eds.): *Amphorae ex Hispania: Paisajes de producción y consumo*, 818 – 831.

Del Río Canedo, V. e Cimadevila Iglesias, S. 2017: "Cerámica común engobada de probable produción de Lucus Augusti en Iria Flavia (Padrón, A Coruña)", en A. Vázquez Martínez, R. Cordeiro Mancelle, M. Carrero Pazos, M. Díaz Rodríguez, A.A. Rodríguez Novoa, B. Vilas Estévez (eds.): *(Re)Escribindo a historia. Achegas dos novos investigadores en arqueoloxía e ciencias das Antigüidade*, 307 – 328.

López Pérez, M^a. C., López González, L.F. e Álvarez González, Y. 1999: "Evidencias materiales de la actividad comercial romana en Iria Flavia (Padrón, A Coruña): las sigillatas", en *Gallaecia*, nº 18, 239 – 264.

López Pérez, M^a. C. 2004: *El Comercio de Terra Sigillata en la provincia de A Coruña*, en *Brigantium* 16, A Coruña: Museo Arqueológico e Histórico da Coruña.

Pérez Losada, F. 2002: Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos "aglomerados secundarios" romanos en Galicia, *Brigantium* vol. 13, Museo arqueológico e histórico. Castelo de San Antón, A Coruña.

Suárez Otero, J. 2002: "Sobre Iria Flavia y los comienzos de la romanización en Galicia", en *Boletín Auriense*, XXXII, 32, 87 – 103.

Suárez Otero, J. 2004: "Iria, Padrón, Santiago, geografía mítica y realidad arqueológica", en Padrón, Iria y las tradiciones jacobeanas, Xunta de Galicia, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, 245-272.

Vázquez Martínez, M. A. 2005: *El vidrio de época romana en la provincia de A Coruña*, tese de doutoramento dirixida por X.M. Caamaño Gesto na Universidade de Santiago de Compostela.

Para saber máis:

Arias Vilas, F. 1992: *A romanización de Galicia*, edicións a Nosa Terra.

Caamaño Gesto, J.M. 2007: "A Galicia romana", en Xosé Ramón Barreiro Fernández e Ramón Villares Paz (coords.), *A Galicia romana. A gran historia de Galicia* edición La Voz de Galicia, 142.

García Iglesias, J.M. 1997: *Galicia castrexa e prerromana*, exposición: Galicia Terra Única: Lugo.

Pérez Losada, F. Losada, F. 2002: *Entre a cidade ea aldea: estudio arqueohistórico dos "aglomerados secundarios" romanos en Galicia*, Brigantium: Boletín do Museu Arqueolóxico e Histórico da Coruña, (13).

5. CABEZA CASTREXA DO CASTRO LUPARIO

Dentro da arte castrexa, a escultura plástica antropomorfa ocupa un capítulo importante na súa evolución. Está representada basicamente por tres variantes: a figura dos guerreiros, as figuras sedentes e as cabezas humanas. Estas últimas están esculpidas en bloques de granito cuxa parte traseira está pensada para ir incrustada nalgún tipo de construción arquitectónica. A maior parte dos restos coñecidos en Galicia carecen de contexto arqueolóxico, o que dificulta o seu estudo. Contan cun estudo formal publicado e consensuado, no que se caracterizan pola súa rudeza formal e un gran esquematismo, características evidentes na peza exposta no Museo. Os rostros son moi pouco realistas e simplistas, nos que se destacan unicamente ollos, nariz e boca (Caamaño Gesto, 2007: 172).

O problema fundamental para o estudo da escultura pétrea castrexa é a problemática da cronoloxía, existindo dúas correntes de interpretación. Por un lado, Calo Lourido (1994) é o principal defensor dunha datación romana para toda a plástica castrexa entre os séculos I e II d. C. A esta proposta saíronlle detractores xa pouco despois da súa publicación, como Carballo Arceo (1996), Rey Castiñeira (1996: 188 - 194) e actualmente os traballos de Rodríguez Corral (2012), con argumentos a prol dunha orixe prerromana para a escultura castrexa. Por outra parte, Schattner (2004) definirá unha serie de características que permitirían distinguir entre estatuas prerromanas e de influencia romana (Armada Pita e García Vuelta, 2014: 80).

A cabeza humana do Museo das Peregrinacións é unha cabeza de granito que representa de xeito rudo un personaxe masculino. Celas moi marcadas por medio dunhas incisións que se prolongan até abaixo formando unha ancha nariz, e a boca, que non é máis que unha fendedura na parte inferior. Por encima da boca adivíñase un bigote. Nos estudos do ano 1971 (Acuña Castroviejo e Cavada Nieto, 1971: 265) apuntan que quizais existise a posibilidade de que o artista quixera plasmar outra cara na parte posterior a modo de cabeza bifronte. A esta hipótese chegan por certos resgos na pedra na parte posterior que se poderían interpretar como un prototipo de ollos e boca. A cabeza castrexa exposta procede

XACEMENTO	Castro Lupario, Rois (A Coruña)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións realizadas no castro en época indeterminada. Traslada ao MDPS por mediación de M. Chamoso Lamas.
TIPOLOXÍA	Escultura plástica antropomorfa castrexa: cabeza humana.
CRONOLOXÍA	Ver controversia: · Calo Lourido: séculos I e II d. C. · Outras interpretacións: segunda Idade do Ferro, ss. IV – I a. C.
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: 648
	Catalogadora: I. Pesquera Vaquero
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: Lenda. <i>A Translatio</i>

do Castro Lupario (Rois, A Coruña), enclave que aparece vinculado coa lenda da *translatio* xa que é onde segundo a lenda estaría a morada da mitolóxica Raíña Lupa.

Bibliografía de referencia:

Acuña Castroviejo, F. e Cavada Nieto, M. 1971: "Noticias arqueológico-numismáticas del Castro Lupario (Rois-Brión, La Coruña)" en *Cuadernos de estudios gallegos*, 26, fasc. 80, 265-277.

Caamaño Gesto, J.M. 2007: "A Galicia romana", en Xosé Ramón Barreiro Fernández e Ramón Villares Paz (coords.), *A Galicia romana. A gran historia de Galicia* edición La Voz de Galicia.

Calo Lourido, F. 2004: "Castro Lupario : un fito no Camiño" en *Aunios*, nº 9, 49-52.

Para saber máis:

Armada, X. L. y García Vuelta, Ó. 2014: "Os atributos do guerreiro, as ofrendas da comunidade. A interpretación dos torques a través da iconografía" en *El torques de Centroña. Cátedra. Revista Ponteumesa de Estudios. Monografías*, nº 3, 57 – 92.

Calo Lourido, F. 1994: *A plástica da cultura castrexa galego – portuguesa*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

Carballo Arceo, L. X. 1996: "Notas en torno á cronoloxía do castro da Forca e da plástica castrexa", en *Minus*, 5, 65 – 75.

González Ruibal, A. 2006 – 2007: *Galaicos. Poder y comunidad en el noroeste de la península ibérica (1200 a. C. – 50 d. C.)*, Brigantium 18 – 19, A Coruña.

Rey Castiñeira, J. 1996: "Referencias de tiempo en la cultura material de los castros gallegos", en J.M. Hidalgo (ed.) *A cultura castrexa galega a debate*, Instituto de estudos tudenses, 157 – 206.

Rodríguez Corral, J. 2012: "Las imágenes como modo de acción: las estatuas de guerreros castreños" en *Archivo español de arqueología*, 85, 79 – 100.

Schattner, T.G. 2004: "Novas aproximações às estátuas de guerreiros lusitano – galaicos" en *O arqueólogo Português*, série IV, 22, 9 -66.

6. O TOURO DE IRIA FLAVIA, BOI APIS?

A Galicia romana, marcada polo seu carácter provincial, goza da chegada e da influencia da cultura e a arte propias do Imperio. Se ben en moitas ocasións se producirán fenómenos de sincretismo cultural xerando un novo estilo galaico-romano, esta rexión non estará exenta das correntes máis características da arte culta romana, con representacións artísticas en diversos soportes: mosaicos, pinturas, esculturas, tanto en pedra como en bronce, relevés e a arte funeraria.

A pequena figura en bronce exposta na planta baixa do museo é un exemplar desta escultura. Elaborada mediante a técnica da cera perdida, está ligada á arte culta, aínda que matizada polo ambiente provincial. Ao igual que sucede coa meirande parte dos bronzes romanos de Galicia, non está contextualizada. Xeralmente este tipo de representacións abranguen do século I ao IV, con predominio de pezas datadas no III e no IV (Caamaño Gesto, 2007: 131).

A pequena escultura en bronce representa un touro con aspecto dun animal rexo, coa cabeza ergueita, cornos curtos e pata esquerda lixeiramente levantada, indicando que a figura se representa ao paso. A documentación asociada rexistra esta peza nos estratos «tardorromanos» do corte realizado na zona occidental da igrexa de Santa María de Iria Flavia.

A escultura foi clasificada inicialmente, polas súas características morfolóxicas, coa representación do Boi Apis, a pesar de carecer doutros resgos distintivos secundarios e definitorios como o crecente lunar na cabeza. En 1984, Blanco Freijeiro definía esta pequena escultura como «*única en toda a Península Ibérica (...) constitúe un indicio da presenza en Galicia de persoas adictas a un dos cultos orientais máis difundidos polo Imperio Romano*» (Blanco Freijeiro, 1984: 266). Non obstante, esta interpretación non é unánime. Outras hipóteses poden apuntar á plasmación dun exvoto coa representación dun touro que tería como finalidade a de servir de ofrenda.

XACEMENTO	Iria Flavia (Padrón, A Coruña).
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións arqueolóxicas (1981). Zona occidental da igrexa de Santa María de Iria Flavia.
	Arqueólogo: M. Chamoso Lamas
TIPOLOXÍA	Arte culta romana. Escultura en bronce
CRONOLOXÍA	Imprecisa A documentación fai referencia a niveis «tardorromanos»
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: 630
	Catalogador/a(s): I. Pesquera Vaquero B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: Lenda. A <i>Translatio</i>

Bibliografía de referencia:

Aznar, M., Gaztelu, L. e Yllán, C. 1990: *Los bronce romanos en España*, Madrid: Ministerio de Cultura, 223.

Acuña Castroviejo, F. 1997: "A escultura da Gallaecia" en *Galia castrexa e prerromana. Galicia Terra Única*, Lugo, 239.

Blanco Freijeiro, A. 1984: "El buey Apis en Iria Flavia (Padrón, La Coruña)" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (7-8), 261-274.

Caamaño Gesto, J.M. 2007: "A Galicia romana", en Xosé Ramón Barreiro Fernández e Ramón Villares Paz (coords.), *A Galicia romana. A gran historia de Galicia* edición La Voz de Galicia, 142.

Chamoso Lamas, M. 1972: "Noticia sobre la importancia arqueológica de Iria Flavia (Padrón, La Coruña)" en *Archivo Español de Arqueología*, 45 (125), 125.

Para saber máis:

Acuña Castroviejo, F. 1975: "Divinidades romanas en bronce del convento bracarense" en *Bracara Augusta* XXIV, 149 – 153.

García Iglesias, J.M. 1997: *Galia castrexa e prerromana*, exposición: Galicia Terra Única: Lugo.

Rodá de LLanza, I. 1990: "Bronces romanos de la Hispania Citerior" en Mercedes Aznar, Luz Gaztelu y Concepción Yllán (coords), *Los bronce romanos en España*, Madrid: Ministerio de Cultura.

Rodríguez García, P. 1999: "Bronces figurados de Taboexa" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (18), 287-300.

7. A MOEDA DA *TRANSLATIO*. ÓBOLO DE FERNANDO II

A moeda exposta nesta vitrina clasifícase como un óbolo, acuñado en tempos do rei Fernando II (1157-1188), rei de Galicia e León. É considerada un *unicum* arqueolóxico xa que, até día de hoxe, non consta outro exemplar co tema da *translatio* no reverso: representación da barca de pedra co corpo do Apóstolo e os seus discípulos Teodoro e Atanasio.

Correspondese ao período de Fernando II (1157-1188), rei de León e Galicia, e está dentro das denominadas “moedas concesionarias”: desde principios do s. XII, o rei cedía a determinado lugar o dereito de acuñar moeda cos tipos reais ou cambiándoos por uns propios. Estes lugares foron o bispado de Santiago de Compostela (1105, conseguido polo entón bispo Xelmírez), o mosteiro de Sahagún e a catedral de San Antolín de Palencia. Foi o primeiro o máis importante deles, onde os novos arcebispos de Santiago (a partir de 1120) mostran o crecente poder da súa sede metropolitana, apostólica e centro dunha crecente peregrinación, acuñando moeda propia, con exclusividade en toda a súa área de influencia. Iso si, mantendo o nome do monarca nas lendas e era a súa moeda normalmente dun peso menor ao real, o que podería explicarse ben por ter un menor valor en relación ás cuñaxes reais ou por ter un maior contido en prata que estas. A moeda concesionaria de Santiago acabou en época de Afonso IX (1188-1230).

O óbolo exposto no museo foi acuñado polo arcebispo compostelán. As moedas son un medio privilexiado de difusión e propaganda iconográfica e de poder. Deste xeito, aproveitase este soporte para difundir a imaxe e o culto do apóstolo Santiago, á vez que se manteñen os símbolos reais. O lugar de cuñaxe sabémolo pola marca de ceca que aparece na parte superior S IA + COBI (sancti IACOBI). Os especialistas en numismática consideran esta lenda como a innegable marca de ceca que funcionou en Compostela desde o século XI ate a primeira metade do século XIII (Carro Otero, 1987, 585).

XACEMENTO	Adro Vello (San Vicente, O Grove, Pontevedra)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	V Campaña de escavacións arqueolóxicas no xacemento antroppo-arqueolóxico de Adro Vello, 1985.
	Arqueólogo: J. Carro Otero
TIPOLOXÍA	Óbolo de Fernando II (1157-1188) Moedas concesionarias
CRONOLOXÍA	1157-1188
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-159
	Catalogador/a(s): I. Pesquera Vaquero B. Pérez Outeiriño E. Gigirey Liste
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: Lenda. A <i>Translatio</i>

A escena que aparece no reverso é considerada como a máis antiga da *translatio* do corpo de Santiago. Do século XII podería ser a representación da *translatio* no tímpano granítico da igrexa románica de Santiago na parroquia de Cereixo (Vimianzo, A Coruña). Con moitas similitudes estilísticas coa representación numismática que tratamos neste momento.

Este achado procede das escavacións arqueolóxicas do xacemento de Adro Vello (lugar de O Carreiro, parroquia de San Vicente, concello do Grove, Pontevedra), recuperada durante a V campaña de escavacións arqueolóxicas en 1985. O xacemento contaría cunha datación preliminar entre os séculos III e o VI (Rodríguez Martínez et al, 2018: 120). Os seus escavadores establecen diversas fases con estruturas arquitectónicas diferenciadas como son: a vila romana, a necrópole de inhumación e a igrexa medieval (Carro Otero, 1987, 579).

Bibliografía de referencia:

Alfaro Asíns, C. 2001: "Emisión de moneda en Galicia" en Carmen Alfaro Asins, Carmen Marcos Alonso e Paloma Otero Morán (coords.), *Esto es dinero: de los orígenes al euro*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 137-152.

Alonso Romero, F. 1987: "La embarcación de la moneda de la necrópolis de Adro Vello (O Grove, Pontevedra)" en *Anuario Brigantino*, (10), 11-16.

Alonso Romero, F. 1998: "Las embarcaciones de la segunda cruzada y su ruta atlántica desde Darmouth hasta Galicia en el año 1147" en *Actas do II Coloquio Internacional de Estudos Xacobeos. Rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela*, (Vol. 1), 33-78.

Carro Otero, J. 1993: "Moneda con la Traslación del cuerpo del Apóstol Santiago" en Serafín Moralejo y Fernando López Alsina (eds.), *Santiago, Camino de Europa: culto y cultura en la peregrinación a Compostela*, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 258.

Carro Otero, J. 1987: "Moneda del rey D. Fernando II de Galicia- León y ceca compostelana, con el tema de la Traslación del cuerpo del cuerpo del Apóstol Santiago (1157-1188)" en *Compostellanum*, (vol. 32, nº 3-4), 575-594.

Francisco Olmos, J. M. e Novoa Portela, F. 2009: *Catálogo de numismática do Museo das Peregrinacións e de Santiago*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 50-51 (cat. nº 42).

Rodríguez Martínez, R. et al 2018: *Galaicos, un pueblo entre dos mundos*, Deputación de Pontevedra, 120.

Vázquez Santos, R. 2011 - 2012: "Las monedas de la ceca compostelana, ¿una clave para la reconstrucción de los ciclos pictóricos medievales de la catedral de Santaigo?" en *Locus Amoenus*, 11, 7- 17.

Para saber máis:

Francisco Olmos, J. M. e Novoa Portela, F. 2009: *Catálogo de numismática do Museo das Peregrinacións e de Santiago*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Núñez Meneses, P. 2017: "Historia monetaria de la Galicia medieval" Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

Roma Valdés Valdés, A. 2003: "Las monedas compostelanas entre 1157 y 1230" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (22), 369-382

8. SAN GUILLERME DE FISTERRA

A ermida de San Guillermo trae a colación a extensión ou prolongación da peregrinación a Santiago ata Fisterra. As escavacións arqueolóxicas falan da importancia deste xacemento no contexto da peregrinación a Santiago nun abano cronolóxico moi amplo que abrangue desde o século XII a finais do XIV (Vidal Cairo e Nodar Nodar, 2009: 38).

Os materiais recuperados foron moi abundantes. Os recipientes elaborados en cerámica son os máis numerosos, como é habitual, moi representativa a cerámica común medieval, que viña sendo o enxoval cotián e de uso frecuente para o servizo de cociña e mesa. Tamén se rexistran restos de louza e cerámica importadas. Moi representativos son tamén os restos numismáticos, cunha ampla variedade de moeda medieval.

Durante a visita ao Museo pódese gozar dunha reducida selección de materiais que destacan tanto pola súa calidade material como pola información que achegan estes obxectos á historia e á interpretación do xacemento. Esta selección está formada por unha pequena figura de Santiago en acibeche, unha cruz de bronce e unha vaíña de puñal en bronce.

A pequena figura de Santiago peregrino está representando o Apóstolo vestido coa vestimenta propia dos peregrinos: amplo sombreiro de aba volta na fronte e decorada cunha vieira. Apóiase nun bordón do que terma a súa man dereita, mentres que coa esquerda leva o libro que o identifica como apóstolo. A súa utilización podería ser como doa dun rosario ou para ir cosida sobre a vestimenta do peregrino, na esclavina ou no sombreiro. Estes «Santiaguiños» ou «Jacquettes» eran moi correntes no mercado de *souvenirs* que os peregrinos podían mercar a finais da Idade Media nos establecementos que se asentaban nas inmediacións da fachada setentrional da basílica compostelá.

XACEMENTO	Ermida de San Guillermo (Fisterra, A Coruña)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións arqueolóxicas programadas nos anos 2007 e 2009
	Arqueólogo/a(s): L. Vidal Caeiro C. Nodar Nodar
TIPOLOXÍA	Obxectos expostos no MDPS: · Vaíña de puñal en bronce · Doa de rosario. Santiago. Acibeche · Cruz latina en bronce
CRONOLOXÍA	S. XII – finais do século XIV
CATALOGACIÓN MDPS	N. ^{os} de inventario: D-943.1446/1 (doa) D-943.1446/89 (cruz) D-943.1446/91 (vaíña) Inventarios San Guillermo D-943.1446 e D-1082
	Catalogador/a(s): VV. AA.
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: O nacemento do Camiño de Santiago

A cruz é de tipo latina, de brazo curto e realizada en bronce. Ao final de cada brazo obsérvase un remate en bola, ao igual que no medio da parte máis longa da cruz.

A vaíña de puñal presenta un corpo alongado de forma rectangular que se estreita cara ao final, rematando en punta redondeada. A súa forma está adaptada á fisionomía da arma. Presenta decoración na superficie anterior do corpo con catro calados dispostos de dous en dous, uns encima dos outros. Na parte posterior presenta dúas pequenas perforacións cuxa finalidade sería a de suxeición ao cinto. Debido ás súas dimensións, interprétase como funda para protexer e gardar un puñal.

Bibliografía de referencia:

Vidal Caeiro, L. e Nodar Nodar, C. 2009: "Traballos arqueolóxicos na ermida de San Guillerme de Fisterra", en Eugenio Rodríguez Puentes y Alejandra Vázquez Grobas, *Atlas arqueolóxico de Galicia: Comarca de Fisterra*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 38-41.

Para saber máis:

D'Emilio, J. (ed.) 2015, *Culture and Society in Medieval Galicia. A Cultural Crossroads at the Edge of Europe*, Brill, Leiden.

9. ESCULTURAS GÓTICAS. ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS ARZÚA

Debido á importancia que pronto adquire o Camiño de Santiago como vía de entrada de peregrinos, as monarquías cristiás, a Igrexa e as ordes militares apoiarán a creación de múltiples infraestruturas: igrexas, capelas, pontes, hospitais, etc. Todas elas multiplícanse nos puntos estratéxicos ao longo do Camiño. Arzúa é unha destas vilas emblemáticas do paso do Camiño en Galicia. Debido á súa importancia e evolución histórica, non é de estrañar que a arqueoloxía obteña múltiples evidencias materiais deste pasado.

As dúas esculturas góticas talladas en granito expostas no Museo foron atopadas no transcurso dunha intervención arqueolóxica levada a cabo na capela da Madalena. Posiblemente pertenceu á representación dunha Epifanía, tan frecuentes na época decorando tímpanos de igrexas. A devandita capela é o único resto conservado do convento de frades agostiños creado a mediados do século XIV. Desempeñaría un papel importante na atención dos peregrinos xacobeos.

A dúas cabezas están talladas en granito, en vulto redondo. Unha delas representa aparentemente a Virxe. Presenta unha configuración ovalada con trazos ben marcados, distinguíndose correctamente a boca, o nariz e os ollos. Cabelo solto que colga pola parte da caluga deixando a faciana libre. Tócase cunha coroa. Ofrece un traballo delicado aínda que posiblemente recibise unha policromía da que non se conserva ningún resto. O arqueólogo apunta a posibilidade de que se trate dunha virxe ou santa. Moi posiblemente formase parte dunha Epifanía.

A segunda escultura non se conserva enteira, conformando un fragmento da parte superior dunha cabeza tallada en granito que representa un personaxe masculino coroado na que se aprecia en detalle o traballo delicado dos ollos e da fonte. Os seus catalogadores apuntan a idea de que se tratase dunha escultura en alto releve e non en vulto redondo.

XACEMENTO	Capela da Madalena (Arzúa, A Coruña)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións urbanas en Arzúa (A Coruña), 1989
	Arqueólogo: A. Bonilla Rodríguez
TIPOLOXÍA	Escultura gótica en granito
CRONOLOXÍA	Séculos XIV-XV
CATALOGACIÓN MDPS	N. ^{os} de inventario: D-1110.12/10 e D-1110.12/11
	Catalogador: B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: As rutas na Península Ibérica. Itinerarios europeos

Bibliografía de referencia:

Bonilla Rodríguez, A. 1989: "Escavación arqueolóxica de urxencia na capela da Madalena (Arzúa, A Coruña " en *Arqueoloxía informes 3, Campaña 1989*, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, Xunta de Galicia.

Para saber máis:

D'Emilio, J. (ed.) 2015, *Culture and Society in Medieval Galicia. A Cultural Crossroads at the Edge of Europe*, Brill, Leiden.

10. SELO DE PAN (ALCAZABA DE MÁLAGA)

Selo de pan con dúas partes, realizado en madeira. Esta peza destaca especialmente porque ten representando un peregrino tallado de forma excisa para a súa impresión. Esta figura aparece ataviada con todos os elementos propios dos camiñantes xacobeos: saio que deixa ver os pés, cubrindo os ombreiros unha esclavina e decorada con tres vieiras. Da cintura colga unha escarcela cunha vieira. A cabeza presenta un tratamento esquemático marcándose o perfil da nariz, boca e queixo. Cobre a cabeza cun sombreiro e aba indefinida. Coa man dereita terma dun bordón de dobre pomo do que colga unha cabaza.

Esta peza ten unha funcionalidade moi precisa. O marcado do pan derivaría da necesidade de distinguir a orixe ou a propiedade deste alimento básico na cultura occidental (Otero Ramos, 2012: 82). Con frecuencia os selos mostran imaxes pouco elaboradas a base de símbolos recoñecibles polos integrantes de distintos grupos sociais, sendo igualmente abundantes os que fan referencia ao pan como símbolo eucarístico. Distintos gremios ou confrarías utilizaban a imaxe do patrón como marca (Otero Ramos, 2012: 82).

A súa orixe é diversa á do resto de pezas que fomos vendo ata o momento, xa que procede da Alcazaba de Málaga. Foi atopada na década dos 60 do século XX ao se derrubar unha edificación datable entre finais do século XVIII ou principios do XIX. Este selo non ten unha cronoloxía ben establecida. Unha liña de hipótese sitúao entre os séculos XV e XVI, mentres que outras liñas inciden en que non podería ser anterior aos séculos XVII e XVIII.

Bibliografía de referencia:

Gallego Lorenzo et. al. 1985: "Sceau de Pain" en Santiago de Compostela: 1000 ans de Pèlerinage Européen: organisée dans le cadre d'Europalia 85 España, 321.

Otero Ramos, J. M. 2012: "Selo de pão. No caminho sob as estrelas: Santiago e a peregrinação a Compostela", dirección de José Antonio Falcão. Santiago do Cacém - Beja: Câmara Municipal, Vol. II, 182.

XACEMENTO	Alcazaba de Málaga (Málaga)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Década dos anos 60, s. XX
TIPOLOXÍA	Selo de pan tallado en madeira
CRONOLOXÍA	S. XVI – XVIII
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: 301.A-B
	Catalogador/a(s): I. Pesquera Vaquero B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Planta baixa Área: A indumentaria

Para saber máis:

Leonardo Platón, A. 1986: *Sellos de pan*, Catálogo de exposición, Zamora, Casa de la Cultura.

PRIMEIRA PLANTA



PRIMEIRA PLANTA

- 1 Vieiras
- 2 Insignias de bronce

11. A VIEIRA. INSIGNIA DE PEREGRINO

A vieira exposta na primeira planta do Museo está considerada unha das pezas máis relevantes da colección. Esta consideración vén derivada de que se trata dunha das evidencias arqueolóxicas máis antigas do uso da cuncha como símbolo da peregrinación xacobeá. Aínda que é difícil precisar a datación pola falta de documentación e de informes de escavación, por métodos indirectos atribúeselle unha data arredor do 1120. Isto é debido a que foi descuberta nunha tumba próxima á chamada torre de D. Cresconio, o que permite determinar 1120 como data *ante quem* para a súa cronoloxía. Este foi o ano no que Xelmírez derrubou dita torre para continuar a construción do corpo da catedral románica (Moralejo, 1993: 356).

A información arqueolóxica que temos dela é que foi atopada sobre a parte superior dun esqueleto incompleto, nunha tumba da nave colateral norte da catedral (Moralejo, 1993: 356). A sepultura foi descuberta nos traballos arqueolóxicos realizados dentro da catedral por Don Manuel Chamoso Lamas entre 1945 e 1965.

Esta cuncha é unha vieira natural (*Pecten maximus*) de cor abrancazada. A existencia de dúas perforacións preto do seu vértice, unido ao feito de que foi atopada sobre un esqueleto nunha tumba da catedral de Santiago, confirman o seu uso como insignia de peregrino. Precisamente, a cuncha de vieira converteuse desde moi cedo no elemento simbólico por antonomasia da peregrinación xacobeá (en tanto que se recibía ao chegar a Compostela como un certificado da realización desta), así como na garantía para obter axudas e mesmo privilexios durante a viaxe.

En efecto, os peregrinos adoitaban colgar do seu colo ou prender nas súas roupas unha cuncha (natural ou reproducida en diversos materiais —chumbo, estaño, acibeche ou en metais nobres, segundo o poder adquisitivo—) comprada ás portas da catedral. O seu comercio foi regulado no ano 1200 polo arcebispo don Pedro Suárez de Deza establecendo o número de tendas nas que se podían vender insignias peregrinatorias, un total de cen (González Vázquez, 1994: 335). No ano 1230 a súa produción será monopolizada por un dos gremios máis antigos da cidade: o dos cuncheiros (López Ferreiro, 1999: 38 - 39). Este é un dos oficios máis característicos da cidade medieval de Compostela, os *cuncheiros*,

XACEMENTO	Catedral de Santiago
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Traballos arqueolóxicos realizados dentro da catedral por don Manuel Chamoso Lamas entre 1945 – 1965.
	Arqueólogo: M. Chamoso Lamas
TIPOLOXÍA	<i>Pecten maximus</i>
CRONOLOXÍA	1120 [ca.]
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: 629
	Catalogadora: I. Pesquera Vaquero
PODÉMOLO ATOPAR EN	Primeira planta Área: Peregrinación. Símbolos, rituais e documentos

ou fabricantes de cunchas, que en semellanza das cunchas de vieira realizaban réplicas en bronce, chumbo ou metais preciosos. Estes obxectos vendíanse como documentos acreditativos do remate da peregrinación (González Vázquez, 1994: 335).

A vieira é un dos símbolos máis característicos da peregrinación xacobeá, pero tamén un dos símbolos máis ricos en iconografía segundo o contexto cultural co que se analice. No mundo antigo estaba vencellada á fecundidade, á morte e ao nacemento para a nova vida. Na Idade Media persiste ese significado incorporando o das boas obras. Todos estes atributos están aínda presentes dentro da iconografía da cuncha, que dentro da peregrinación xacobeá funciona como “pasaporte” e amuleto protector (E. D. 1993: 358).

Bibliografía de referencia:

Moralejo Álvarez, S. 1993: “Concha de peregrino” en Santiago, Camino de Europa: culto y cultura en la peregrinación a Compostela, edición a cargo de Serafín Moralejo y Fernando López Alsina. Santiago de Compostela: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 356-357.

Gallego, J de la Fuente, A. 1985: “Coquille de pèlerin ou coquille Saint-Jaques” en *Santiago de Compostela 1000 Ans de Pèlerinage Européen*, Europalia.

Para saber máis:

Balasch Blanch, E. 2013: Atlas ilustrado del Camino de Santiago.

Barrero Gozález, M.L. 2017: “Enseñas y sellos de peregrino en el contexto de la peregrinación medieval” en *Revista Digital de Iconografía Medieval*, 9(18), 5-32.

E. D. 1993: “Insignia de peregrino en forma de concha” en Santiago, Camino de Europa: culto y cultura en la peregrinación a Compostela, edición a cargo de Serafín Moralejo y Fernando López Alsina. Santiago de Compostela: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 358.

González Vázquez, M. 1994: “Vecinos y oficios en la Compostela medieval. Un análisis a través de la documentación catedralicia de Santiago (1150 - 1400)” en *Compostellanum*, XXXIX, 327 -354.

Herrasti, L., e Etxeberria, F. 2011: “Patología en varios peregrinos procedentes de Santiago de Compostela” en A. González Martín et. al (eds) *Paleopatología: ciencia multidisciplinar*, 241 – 251.

López Ferreiro, A. 1999, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo V*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago de Compostela. (traballo orixinal publicado en 1898).

12.INSIGNIAS

Entre os produtos máis demandados polos peregrinos atopábanse os recordos dos santuarios visitados, destacando entre todos a insignia, un pequeno obxecto, xeralmente metálico, producido, vendido e bendicido polo santuario ao que aludía (Barrero González, 2017: 6). As insignias de Compostela máis representativas son a da cuncha de vieira e a de Santiago peregrino; de ambas as dúas podemos ver moitos exemplares nas salas do Museo. Neste caso, pola peculiaridade dos achados arqueolóxicos nos que nos centramos neste punto, trataremos só a primeira delas.

Os peregrinos adoitaban colgar do seu colo ou prender nas súas roupas unha cuncha comprada ás portas da catedral. A partir do século XI converterase no símbolo por excelencia da peregrinación xacobeá. Co tempo, os artesáns comezaron a empregar as propias cunchas como moldes para facer baleirados en chumbo e en estaño; posteriormente faríanse moldes en pedra (Barrero González, 2017: 16). O seu comercio foi regulado no ano 1200 polo arcebispo don Pedro Suárez de Deza establecendo o número de tendas nas que se podían vender insignias peregrinatorias, un total de cen (González Vázquez, 1994: 335). No ano 1230 a súa produción será monopolizada por un dos gremios máis antigos da cidade: o dos cuncheiros (López Ferreiro, 1999: 38 - 39). Este é un dos oficios máis característicos da cidade medieval de Compostela, os *cuncheiros*, ou fabricantes de cunchas, que en semellanza das cunchas de vieira realizaban réplicas en bronce, chumbo ou metais preciosos. Estes obxectos vendíanse como documentos acreditativos do remate da peregrinación (González Vázquez, 1994: 335).

Dentro desta tipoloxía englobaríanse as insignias expostas nesta vitrina, dous pequenos apliques de bronce con barra apuntada curta e cabeza en forma de vieira. Póde que fosen empregados como insignias na roupa, decoración en correaxes de couro, ou apliques.

XACEMENTO	Castelo da Rocha Forte
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións arqueolóxicas programadas no castelo medieval da Rocha Forte, 2004
	Arqueólogo e arqueóloga directores: F. Acuña Castroviejo R. Casal García
TIPOLOXÍA	Insignia peregrino
CRONOLOXÍA	S. XIII - XV
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-816.2274/176 e D-816.2274/177
	Catalogadora: D. Domínguez Pallas
PODÉMOLO ATOPAR EN	Primeira planta Área temática: Peregrinación. Símbolos, rituais e documentos

Os selos e insignias de peregrino xogaron un papel moi importante durante toda a Idade Media, principalmente entre os séculos XII e XV, como medio de difusión dos temas iconográficos de cada santuario de peregrinación por toda Europa. Era o símbolo da difusión de ideas a través da imaxe (Barrero González, 2017: 6). Máis que como un *souvenir*, debe entenderse como un amuleto protector e como un testemuño da peregrinación realizada (E. D. 1993: 358).

O contexto arqueolóxico no se que se enmarcan estas pezas é o Castelo Medieval da Rocha Forte, a poucos quilómetros da cidade de Santiago, fortaleza militar baixomedieval e complexo residencial do arcebispo, señor das terras de Santiago. Construído en 1255 polo prelado Juan Arias e remodelado posteriormente en diversas ocasións, será definitivamente destruído no 1466 (Casa García et al., 2006: 430).

Bibliografía de referencia:

Casal García, R et. al. 2005: "La Fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2004" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (24), 193-218.

Casal García, R et. al. 2006: "Fortaleza medieval de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2005" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (25), 147-172.

Para saber máis:

Barrero Gozález, M.L. 2017: "Enseñas y sellos de peregrino en el contexto de la peregrinación medieval" en *Revista Digital de Iconografía Medieval*, 9(18), 5-32.

Casal García, R et. al. 2006: "A cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte: contribución ao seu estudo" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (25), 187-225.

Casal García, R et. al. 2009: "A evolución arquitectónica dun castelo baixomedieval: o caso da Rocha Forte (Santiago de Compostela)" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (28), 199-212.

Cesar Vila, M. 2013: *Rocha Forte*, Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación. Concellaría de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Concello de Santiago, dispoñible en <https://rochaforte.santiagodecompostela.gal/proxecto/proxecto/> [Data de consulta 30/03/2021]

E. D. 1993: "Insignia de peregrino en forma de concha" en Santiago, Camino de Europa: culto y cultura en la peregrinación a Compostela, edición a cargo de Serafín Moralejo y Fernando López Alsina. Santiago de Compostela: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 358.

González Vázquez, M. 1994: "Vecinos y oficios en la Compostela medieval. Un análisis a través de la documentación catedralicia de Santiago (1150 - 1400)" en *Compostellanus*, XXXIX, 327 -354.

González Vila, G. 2006: " Achádegos numismáticos na fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela)" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (25), 227-267.

López Costas, O. e Teira Brión, A. M. 2014: "Condiciones de vida reconstruidas mediante el estudio de los restos humanos hallados en la fortaleza Bajomedieval de A Rocha Forte, Santiago de Compostela" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (33), 257-280.

López Ferreiro, A. 1999, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo V*, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago de Compostela. (traballo orixinal publicado en 1898).

Sánchez Sánchez, X. M. 2010: "Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajomedieval en la transición hacia la modernidad" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 57(123), 91-193.

SEGUNDA PLANTA

● Idade Medieval
● Idade Moderna



SEGUNDA PLANTA

- 1 A evolución da catedral: restos arqueolóxicos
- 2 A roda da fortuna
- 3 Alimentación medieval en Compostela
- 4 Enxoval de madeira na Compostela medieval
- 5 O xugo
- 6 Olería medieval en Compostela
- 7 A Rocha Forte. Fortaleza medieval
- 8 Restos arquitectónicos: burguesía e nobreza
- 9 Cambistas: o florín de ouro
- 10 Marcas e selos
- 11 O Coiro: pequeno botín medieval e outros restos
- 12 O tesouro de Carboeiro
- 13 Comercio medieval e moderno en Compostela

13. A EVOLUCIÓN DA CATEDRAL. OS RESTOS ARQUEOLÓXICOS

A catedral de Santiago é un edificio vivo, foise adaptando ás necesidades de cada época e experimentou continúas reformas estruturais que foron incorporando as novidades arquitectónicas e estilísticas predominantes de cada período histórico. Destes cambios, ou reformas, temos constancia por diversas fontes históricas e documentais pero tamén a arqueoloxía ten moito que dicir neste campo.

Os restos conservados no Museo das Peregrinacións e de Santiago proceden na súa maior parte dos traballos arqueolóxicos levados a cabo por don Manuel Chamoso Lamas nos anos 60 na praza da Quintana. Estes traballos sacaron á luz o desaparecido proxecto da cabeceira gótica e outros restos arquitectónicos.

Durante o século XIII, o arcebispo Xoán Arias (1238-1266) promoveu importantes obras na catedral e dotouna dun claustro acorde co resto do templo e co refinado cerimonial empregado nas celebracións litúrxicas do momento. Restos significativos deste claustro permanecen aínda *in situ*, outros foron vendidos e unha parte importante reempregados como material de construción na obra nova (Pérez Outeiriño, 2012: 388). Algúns destes restos podémolos observar dispostos ao longo da sala, entre os que resaltan os capiteis decorados cunha temática simbólica, o arco con restos de policromía e un amplo abano de pezas de construción arquitectónica.

Da época do arcebispo Xoán Arias é tamén o plan frustrado da construción da cabeceira gótica. Malia que a documentación escrita non aporta moita información, a arqueoloxía achega luz sobre este proxecto (Suárez Otero, 2006: 263). Para o lado leste da catedral, na praza da Quintana, había un proxecto deseñado no que unha nova cabeceira gótica dotaría á basílica dun amplo espazo cerimonial, pero tamén para satisfacer novas necesidades derivadas da crecente peregrinación (Suárez Otero, 2006: 263). Diversos problemas sociais impediron proseguir as obras e só se conservan algunhas evidencias baixo as escaleiras da Quintana. Algúns dos seus restos arquitectónicos, fustes, capiteis etc., están expostos na sala do Museo dedicada á evolución da catedral.

XACEMENTO	Praza da Quintana (Santiago de Compostela)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Achados arqueolóxicos procedentes das escavacións na praza da Quintana na década de 1960
	Arqueólogo: M. Chamoso Lamas
TIPOLOXÍA	Elementos arquitectónicos Románico Gótico
CRONOLOXÍA	S. XIII
CATALOGACIÓN MDPS	N. ^{os} de inventario: Selección de pezas: D-54 (clave); D-55 (capitel); 413 (capitel); 424 (ábaco); 430 (cabeza granito); 568 (capitel); D-130 (arco); D-145 e D-146 (capitel, prox. gótico); e 558 (fuste)
	Catalogador/a(s): I. Pesquera Vaquero B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: O proxecto gótico

Bibliografía de referencia:

Arce Méndez, A. 2012: "Fragmento arquitectónico [Oficina de Mestre Mateo]" en José Antonio Falcão (dir.) *No caminho sob as estrelas: Santiago e a peregrinação a Compostela*, Santiago do Cacém - Beja: Câmara Municipal, 21- 23.

Chamoso Lamas, M. 1964: "Nuevas aportaciones al conocimiento del arte del Maestro Mateo" en *Príncipe de Viana*, nº 96-97, separata, 225-238.

Pérez Outeiriño, B. 2012: "A irrupción da plástica gótica: tradición e innovación. La irrupción de la plástica gótica: tradición e innovación" en *Gallaecia petrea: Cidade da Cultura de Galicia*, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, 388-391.

Yzquierdo Perrín, R. 1991: "Clave figurada" en Mercedes Aznar López, Luz de Gaztelu y Quijano (coords.), *Galicia no tempo*, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 200.

Para saber máis:

Guerra Campos, J. 1982: *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del apóstol Santiago*, edición del Cabildo de la S.A.M. Iglesia Catedral de Santiago.

Suárez Otero, J. 1999: "Manuel Chamoso Lamas e a arqueoloxía na Catedral de Santiago de Compostela" en *Santiago e os Camiños de Santiago*, obra e fotografía de Manuel Chamoso Lamas, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 71-80.

Suárez Otero, J. 1999: "Reflexiones en torno a la arqueología del edículo apostólico" en *Santiago: La Esperanza: Colegio de Fonseca, Palacio de Gelmírez: Santiago de Compostela. 27 de mayo-31 de octubre 1999*, 5-58.

Suárez Otero, J. 1999: "Apuntes arqueológicos sobre la formación del "Locus Sanctus Iacobi" y los orígenes del Urbanismo medieval compostelano" en *Codex aquilarensis: Cuadernos de investigación del Monasterio de Santa María la Real*, (15), 11-42.

Suárez Otero, J. 2000: "Excavacións no patio do claustro da catedral de Santiago (1991-92)" en *Brigantium: Boletín do Museu Arqueolóxico e Histórico da Coruña*, (12), 261-270.

Suárez Otero, J. 2006: "A fortaleza do señor da terra de Santiago" en *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, 262-271.

Nodar Fernández, V. 2019: El Bestiario esculpido en los capiteles de la catedral románica de Santiago: una aportación a las fases constructivas y al programa iconográfico del monumento, tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

14. A RODA DA FORTUNA

Co cambio lexislativo en materia de arqueoloxía a partir dos anos 80 e a derivada protección patrimonial do casco histórico da cidade de Santiago de Compostela recoñecida pola UNESCO, nacerá unha nova realidade que non deixará de proporcionar información histórica ata hoxe en día: a arqueoloxía urbana. A maior parte das pezas que veremos a partir deste punto serán recuperadas grazas a esta disciplina. A Roda da Fortuna, que recibe os visitantes nesta nova sala, é unha destas pezas clave da arqueoloxía urbana compostelá.

Trátase da metade dereita dunha placa decorativa aparecida nas escavacións da rúa da Acibehería, 29 (Santiago de Compostela). Nela represéntase a Roda da Fortuna, *Rota Fortunae*. Aparece na parte central a Fortuna, coa cabeza tocada con diadema perlado, ollos amendoados e nariz e boca ben trazados. Sae empurrando coa súa man esquerda a roda. Atada pola cintura, dispónse unha figura humana, imberbe, coa cabeza cara a abaixo vestida con túnica longa que deixa ver os pés espidos. O resto da decoración non se conserva.

Na filosofía antiga, Fortuna (a *Tyche* grega) é considerada símbolo de fertilidade e abundancia e, polo tanto, dotada dunha misión positiva na sociedade. A advocación primitiva na cultura clásica atribúelle á deusa Fortuna a capacidade de proporcionar boa ou mala sorte ao ser humano. A comezos do século IV a. C. comézase xa a representar cos atributos máis recoñecibles, como sería o corno da abundancia ou o temón, símbolo do seu poder para dirixir a fortuna do ser humano (Sánchez Márquez, 2011, 230).

A iconografía que vemos representada na obra do Museo será a evolución que tomará esta deusa na mentalidade medieval, xa que ben pronto, ao longo da Idade Media, se vinculará esta deusa coa idea caprichosa e cambiante que pode tomar o destino e, en consecuencia, considerarase insensata, cega e mesmo perniciosa. Na célebre obra *De consolacione philosophiae*, escrita por Boecio no ano 523, compárase por vez primeira a Fortuna coa roda que alternativamente eleva a uns e descende a outros, proporcionando do mesmo modo boa ventura ou desgracia (Sánchez Márquez, 2011, 230). A obra de Boecio lexitimou a presenza da Fortuna no mundo medieval cun novo modelo iconográfico:

XACEMENTO	Escavacións urbanas de urxencia en Compostela. Acibehería 29
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións urbanas de urxencia en Compostela en Acibehería 29. 1987 - 1988
	Arqueólogos directores: E. Rey Seara E. Rodríguez Puentes
TIPOLOXÍA	Románico
CRONOLOXÍA	S. XIII
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-122
	Catalogador/a(s): I. Pesquera Vaquero B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: O territorio

a Fortuna como condutora da roda que rexe o destino da humanidade (Sánchez Márquez, 2011, 234). A partir do século XI produciranse as primeiras representacións figurativas con esta concepción (Sánchez Márquez, 2011, 234).

A Roda da Fortuna procede dun interesante xacemento urbano situado na rúa Acibechería nº29. Durante as obras de acondicionamento do edificio en 1987, saíron a luz unha serie de estruturas cunha potencia arqueolóxica considerable que levaron a considerar unha escavación en área da zona afectada. A parte da gran cantidade de restos materiais recuperados (cerámica, acibeches, restos óseos...) é salientable destacar as pezas arquitectónicas aparecidas, entre elas anacos do coro do Mestre Mateo que por primeira vez eran atopados fóra da catedral (Rey Seara e Rodríguez Puentes, 1988, 334). A parte dos restos mobles, documentouse un potente sistema defensivo formado por muralla, torre e foso, identificado como parte da cerca do bispo Sisnando (951 - 968) que protexía o *Locus Sanctus* (Rey Seara e Rodríguez Puentes, 1988, 333).

Bibliografía de referencia:

García Gómez, J. et alii. 1997: *Museo das Peregrinacións. Santiago de Compostela (Guía do museo)*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 41. Lám. 8.

Sastre Vázquez, C. 2008: "La Rueda de la Fortuna de Nebrixe (Brives, Cambre, A Coruña)" en *Anuario Brigantino*, nº31, 333-344.

Rey Seara, E. e Rodríguez Puentes E. 1987: "Azabachería 29 (Santiago de Compostela)" en *Arqueoloxía informes. Campaña 1987*, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 104 – 106.

Rey Seara, E. e Rodríguez Puentes E. 1988: "Estudio dos materiais de Azabachería 29 (Santiago de Compostela)" en *Arqueoloxía informes. Campaña 1988*, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, 333 - 334.

Para saber máis:

Guerra Campos, J. 1982: *Exploraciones arqueológicas en torno al sepulcro del apóstol Santiago*, edición del Cabildo de la S.A.M. Iglesia Catedral de Santiago.

López Alsina, F. 1988: La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media, Santiago.

Sánchez Márquez, C. 2011: "Fortuna velut luna": iconografía de la Rueda de la Fortuna en la Edad Media y el Renacimiento *Humanista: Journal of Iberian Studies*, (17), 230-253.

15. ALIMENTACIÓN MEDIEVAL EN COMPOSTELA

A arqueoloxía transmítenos moita información sobre a vida cotiá dos nosos antepasados. Só mediante a aplicación desta disciplina e os seus métodos de traballo multidisciplinares podemos chegar a coñecer que se comía e como na Idade Media en Compostela. Neste primeiro punto analizaremos o conxunto de restos orgánicos vencellados á alimentación expostos nas vitrinas do Museo. Trátase de ósos de animais e restos de alimentación procedentes da praza das Praterías, a rúa da Raíña e do castelo da Rocha Forte.

Os materiais expostos nesta vitrina son unha mínima representación da variedade de produtos consumidos na época medieval en Santiago de Compostela. Teñen especial representatividade os mamíferos como bóvidos (vaca, cabra, ovella), súidos (porco, xabaril) ou cérvidos, aínda que tamén hai abundantes coellos e aves. Aparecen ósos con marcas de corte realizadas no momento do despezamento ou da inxestión. Entre as especies mariñas abundan os moluscos (ostras, ameixas e berberechos) e restos de peixe (pescada e congro). Destacan os ósos de cereixa, único resto recuperado da alimentación de tipo vexetal na cidade.

Dentro da arqueoloxía existen unha serie de disciplinas especializadas que se dedican ao estudo deste tipo de restos. A arqueozooloxía é unha delas e como o seu nome indica o seu campo de estudo son os restos animais, pero tamén a arqueobotánica e a carpoloxía (estudo das sementes e froitos) achegan moita información. Estas disciplinas estudan a reconstrución do paleoambiente, a acción humana sobre o medio, o cultivo, procesado, consumo e deposición dos recursos vexetais, etc. (Hastorf, 1999 visto en Teira Brión, 2015: 210). Neste caso podemos coñecer o medio ambiente, a vexetación e incluso as practicas agrícolas que se desenvolveron na Compostela medieval.

Debemos traer a colación neste punto as escavacións arqueolóxicas no antigo edificio do Banco de España, hoxe ocupado polo Museo das Peregrinacións e de Santiago, na praza das Praterías nº 2, xa que se recuperaron

XACEMENTO	Diversas procedencias
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavación arqueolóxicas na Rocha Forte (diversas campañas, 2004, 2006). Arqueólogo/as directores/as: R. Casal García e F. Acuña Castroviejo
	Escavacións arqueolóxicas na rúa da Raíña, 11. 2012 – 2013. Arqueóloga directora: M. Pérez Mato
	Escavacións arqueolóxicas na praza das Praterías nº2 (Banco de España). 2010. Arqueóloga directora: D. Gil Agra
TIPOLOXÍA	Ictiofauna Malacofauna Restos óseos animais
CRONOLOXÍA	S. XI – XV
CATALOGACIÓN MDPS	N.ºs de inventario: D-1073.298/284 (ósos); D-1073.298/285 (ósos); D-1073.298/286 (cunchas); D-1108.619/534 (corno); D-125.39/38 (carabuñas)
	Catalogador/a(s): VV. AA.
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: Restos de alimentación de época medieval

unha serie de sementes e restos botánicos que permitiron datar con moita precisión o xacemento e extraer unha serie de información que sen estas disciplinas pasaría desapercibida. Nas escavacións arqueolóxicas levadas a cabo neste solar localizouse un tramo do foso da muralla medieval da cidade levantada durante o arcebispado de Sisnando II (960 - 968). O seu período de funcionamento foi curto, xa que con Cresconio II (1037 - 1066) construíríasse unha nova muralla co derivado desmantelamento da anterior e o recheo do seu foso (Teira Brión, 2013: 103). A existencia de correntes de auga subterránea neste lugar provocaron un ambiente anóxico que permitiu a conservación da materia orgánica. É aquí onde se recuperaron moitas das mostras analizadas, que deron como resultado un conxunto moi heteroxéneo de sementes, como a cereixa/guinda, figos, millo miúdo, paínzo, mazás, castañas e como novidade a presenza do cogombro no noroeste (Teira Brión, 2013: 103).

Bibliografía de referencia:

Porto Terneiro, Y., Martín - Seijo, M., Teira Brión, A., Ballesteros - Arias, P., Criado Boado, F. Gil Agra, D. 2016: "Wooden objects and fruits recovered from the first medieval ditch of Santiago de Compostela (Galicia, Spain)" Póster presentado en: International Meeting Wood and Charcoal: Approaches from Archaeology, Archaeobotany, Ethnography and History. 15-16 April 2016, Braga.

Teira Brión, A. 2013: "Dentro y fuera del bosque. La gestión del *prunus avium/cerasus* en época romana y medieval en el NW ibérico" en Revista arkeogazte, nº 3, 99 - 115.

Teira Brión, A 2015: "Cultivos e fronteiras na Idade Media en Galicia. O conxunto carpolóxico da escavación do Banco de España (Santiago de Compostela)" en *Gallaecia* 34, 209 - 226.

Para saber máis:

Martín Seijo, M., Antolín, F., Alonso, N., Fábregas Valcarce, R., Bonilla Rodríguez, A. 2010: "Prácticas agrícolas y gestión de los recursos forestales en el monte gallego entre los siglos VII y XVII AD. El caso de A Mourela (As Pontes, A Coruña)" en A.M.S. Bettencourt, M.I.C. Alves, S. Monteiro-Rodrigues (eds.). *Alterações Ambientais e Interação Humana na Fachada Atlântica Occidental*. Universidade do Minho, Braga, 133-148.

Martín Seijo, M., Rico Rey, A., Teira Brión, A., Picón Platas, I., García González, I., Abad Vidal, E. 2010: *Guía de Arqueobotánica*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Tereso, J. P., Bettencourt, A. M., Ramil-Rego, P., Teira-Brión, A., López-Dóriga, I., Lima, A., & Almeida, R. (2016). Agriculture in NW Iberia during the Bronze Age: A review of archaeobotanical data. *Journal of Archaeological Science: Reports*, 10, 44-58.

Sierra Méndez, J.L 2003: "La conservación de la madera arqueológica subacuática: Museo y Centro Nacional de Investigaciones Arqueológicas Submarinas" en *Monte Buciero* 9, 225-266.

16. ENXOVAL DE MESA MEDIEVAL EN MADEIRA NA COMPOSTELA MEDIEVAL

Dentro das vitrinas do Museo dedicadas á historia da cidade temos un pequeno tesouro arqueolóxico, que en moitas ocasións e pola súa aparencia humilde pasa desapercibido.

Trátase dun conxunto de enxoval doméstico de cociña realizado en madeira: cuncas, pratos, unha gran fonte e un fragmento do que se pensa que sería unha xerriña. Pero, por que é tan importante este conxunto? Partimos do feito que o chan en Galicia ten unha marcada acidez o que fai que sexa moi difícil a conservación de restos orgánicos, entre eles a madeira. Así, con estes achados ábreanse diversas vías para o estudo do pasado. Por unha banda, toda a información que se pode extraer deste tipo de restos como as datacións por carbono 14 ou mesmo estudos sobre a madeira na que están realizados; por outra, permiten elaborar hipóteses de estudo sobre a vida cotiá dos composteláns e compostelás e achegarnos máis ao seu día a día e aos seus fogares. Coñecíamos sobradamente o enxoval de cociña elaborado en cerámica con restos de olas, oliñas e xerras de época medieval, pero agora podemos supoñer que á hora de xantar facían uso de recipientes de uso individual como os pratos en madeira, complementando con outros de uso colectivo como as fontes ou xerras, o que tamén nos pode levar a pensar nos modelos de socialización destas xentes e as súas costumes á hora de sentar á mesa.

Os recipientes expostos proceden de dous xacementos urbanos de Compostela, non moi afastados entre si. Un deles é o coñecido como Banco de España, situado na praza das Praterías, onde hoxe se sitúa o Museo das Peregrinacións e de Santiago. Nas escavacións arqueolóxicas levadas a cabo neste solar localizouse un tramo do foso da muralla medieval da cidade levantada durante o arcebispado de Sisnando II (960 - 968). A existencia de correntes de auga subterránea neste lugar provocaron un ambiente anóxico que permitiu a

XACEMENTO	Escavacións urbanas en Compostela. Diversas procedencias
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Rúa da Raíña, n.º 11. 2012 – 2013. Arqueóloga: M. Pérez Mato.
	Banco de España, praza das Praterías, 2. 2010. Arqueóloga: D. Gil Agra.
TIPOLOXÍA	Pratos, canecos, fonte e xerra realizados en madeira
CRONOLOXÍA	S. XI – XIII
CATALOGACIÓN MDPS	N.ºs de inventario: D-1108.619/566 (prato); D-1108.619/571 (xerra); D-1125.39/14 (prato chan); D-1108.619/567 (prato chan); D-1125.39/2 (fonte)
	Catalogador/a(s): V. del Río Canedo L. Somoza López D. Rodríguez Zampalo T. López Domínguez
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: A madeira no contexto arqueolóxico medieval compostelán

conservación dos restos de materia orgánica (Teira Brión, 2013: 103). O segundo conxunto de vaixela realizada en madeira foi recuperada en contexto arqueolóxico grazas aos niveis de alta humidade que proporcionaba unha corrente de auga que circulaba baixo o edificio da rúa da Raíña nº 11 e á presenza dun pozo cegado. Destaca o fragmento de fonte fonda con perfil completo de considerables dimensións, realizada en madeira de castiñeiro. Cabe a posibilidade de que fose tallada directamente na madeira, o que resolvería a cuestión de que non coincida completamente dentro dos catálogos formais existentes para a vaixela deste material (Pérez Mato e César Vila, 2017).

Bibliografía de referencia:

Del Río Canedo, V., Alonso Toucido e Ferreiro Diz, O. 2016: "Ajuar doméstico en las mesas compostelanas de época medieval: madera y cerámica como caso de estudio" en Rebeca Cordeiro Macenlle, Alia Vázquez Martínez (eds.), *Estudos de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga : achegas dos novos investigadores*, 425-438.

Pérez Mato, M. e César Vila, M. 2017: "Materiais arqueolóxicos orgánicos en contextos medievais e modernos: resultados da intervención realizada no inmovible da Rúa da Raíña nº 11 (Santiago de Compostela, A Coruña)" en *Boletín auriense*, (47), 109-138.

Porto Terneiro, Y., Martín - Seijo, M., Teira Brión, A., Ballesteros - Arias, P., Criado Boado, F. Gil Agra, D. 2016: "Wooden objects and fruits recovered from the first medieval ditch of Santiago de Compostela (Galicia, Spain)" Póster presentado en: International Meeting Wood and Charcoal: Approaches from Archaeology, Archaeobotany, Ethnography and History. 15-16 April 2016, Braga.

Teira Brión, A. 2013: "Dentro y fuera del bosque. La gestión del prunus avium/cerasus en época romana y medieval en el NW ibérico" en Revista arkeogazte, nº 3, 99 – 115.

Para saber máis:

Blas Cortina, M.A. de 1995: "Vasos de madera y vasos cerámicos: un probable origen romano de ciertas formas de madera de la tornería tradicional" en Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología, Tomo 61, 174 - 183.

Graña García, A. 1985: *La tornería en el occidente asturiano*, nº 2, Museo etnográfico de Grandas de Salime.

Martín Seijo, M., Antolín, F., Alonso, N., Fábregas Valcarce, R., Bonilla Rodríguez, A. 2010: "Prácticas agrícolas y gestión de los recursos forestales en el monte gallego entre los siglos VII y XVII AD. El caso de A Mourela (As Pontes, A Coruña)". En A.M.S. Bettencourt, M.I.C. Alves, S. Monteiro-Rodrigues (eds.). *Alterações Ambientais e Interação Humana na Fachada Atlântica Occidental*. Universidade do Minho, Braga, 133-148.

Martín Seijo, M., Rico Rey, A., Teira Brión, A., Picón Platas, I., García González, I., Abad Vidal, E. 2010: *Guía de Arqueobotánica*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Sierra Méndez, J.L 2003: "La conservación de la madera arqueológica subacuática: Museo y Centro Nacional de Investigaciones Arqueológicas Submarinas" en *Monte Buciero* 9, 225-266.

17. O XUGO

O xugo é un instrumento de madeira para xunguir unha parella de bois ou de vacas, onde vai suxeita a cabeza do carro, o temón do arado, da sachadeira, etc. (González González, 2004: 135). En Galicia úsanse tres clases de xugo: o grande, para sachar o millo, patacas etc., o normal ou do carro, e o dun boi ou unha vaca sos (González González, 2004: 135). O xugo recuperado nas escavacións de Banco de España e exposto no Museo é de tipo C: de cornal, que se apoia sobre a cabeza do animal, e vai atado aos cornos deste cunha corda ou unha correa (González González, 2004: 136). Os animais xunguidos pola cornamenta efectuarían a tracción coa cabeza, en contraposición cos xugos de canga ou de chancís.

O xugo obxecto de estudo nesta ocasión é unha parte fragmentaria do orixinario, pertencente a un dos laterais e consérvase aproximadamente a metade da peza orixinal. Presenta varios saíntes ou "mesas", para axustar na cabeza da vaca ou boi mediante o atado con sogas, así como a "camella" dun dos laterais para asentar enriba da "molida" e amortecer a presión sobre o animal. Conserva claras evidencias de uso así como cortes efectuados posiblemente cunha machada.

Este xugo foi localizado no transcurso dos labores arqueolóxicos desenvolvidos no solar do antigo edificio do Banco de España e encontrábase no interior do foxo mandado construír por Sisnando II (951-968), onde se acabaría desbotado posiblemente como lixo en momentos próximos á amortización da estrutura defensiva. Este excepcional achado é o primeiro xugo medieval recuperado no noroeste de Iberia. A súa preservación demostrou como a morfoloxía deste tipo de xugos non cambiou desde entón (Porto Terneiro et. al., 2016). O xugo ten unha gran significación no que respecta ao transporte e tamén ao desenvolvemento de labores agrícolas na Idade Media. Este elemento ofrece pistas para reflexionar sobre as persoas, a agricultura, o medio ambiente e a tecnoloxía na Idade Media (Porto Terneiro et. al., 2016).

XACEMENTO	Banco de España (praza de Praterías, n.º 2)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións urbanas de urxencia no antigo solar do Banco de España no 2010
	Arqueóloga: D. Gil Agra
TIPOLOXÍA	Tipo C: cornal (González González, 2004)
CRONOLOXÍA	Séculos VIII-X d.C.
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-1108.619/565
	Catalogador: B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: A madeira no contexto arqueolóxico medieval compostelán

Bibliografía referencial:

Del Río Canedo, V., Alonso Toucido e Ferreiro Diz, O. 2016: "Ajuar doméstico en las mesas compostelanas de época medieval: madera y cerámica como caso de estudio" en Rebeca Cordeiro Macenlle, Alia Vázquez Martínez (eds.), *Estudos de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga : achegas dos novos investigadores*, 425-438.

Teira Brión, A. 2013: "Dentro y fuera del bosque. La gestión del prunus avium/cerasus en época romana y medieval en el NW ibérico" en Revista arkeogazte, nº 3, 99 – 115.

Teira Brión, A 2015: "Cultivos e fronteiras na Idade Media en Galicia. O conxunto carpolóxico da escavación do Banco de España (Santiago de Compostela)" en *Gallaecia* 34, 209 – 226.

Porto Terneiro, Y., Martín - Seijo, M., Teira Brión, A., Ballesteros - Arias, P., Criado Boado, F. Gil Agra, D. 2016: "Wooden objects and fruits recovered from the first medieval ditch of Santiago de Compostela (Galicia, Spain)" Póster presentado en: International Meeting Wood and Charcoal: Approaches from Archaeology, Archaeobotany, Ethnography and History. 15-16 April 2016, Braga.

Para saber máis:

González González, M. 2004: "Os tipos de xugo e os seus nomes no territorio de fala galega" en *Boletín da Real Academia Galega*, (365), 135-169.

Martín Criado, A. 2002: "Yugos cornales de Castilla y León. Estudio tipológico" en *Revista de Antropología*, 57(2), 41-78.

Martín Seijo, M., Antolín, F., Alonso, N., Fábregas Valcarce, R., Bonilla Rodríguez, A. 2010: "Prácticas agrícolas y gestión de los recursos forestales en el monte gallego entre los siglos VII y XVII AD. El caso de A Mourela (As Pontes, A Coruña)". En A.M.S. Bettencourt, M.I.C. Alves, S. Monteiro-Rodrigues (eds.). *Alterações Ambientais e Interação Humana na Fachada Atlântica Occidental*. Universidade do Minho, Braga, 133-148.

Martín Seijo, M., Rico Rey, A., Teira Brión, A., Picón Platas, I., García González, I., Abad Vidal, E. 2010: *Guía de Arqueobotánica*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Pique I Huerta, R. 2006: "Los carbones y las maderas de contextos arqueológicos y el paleoambiente" en *Ecosistemas* 15(1), 31-38.

Suárez Otero, J.; Gimeno García – Lomas R.; Fariña Busto, F. 1989: "La cerámica medieval en Galicia" en *La cerámica medieval en el noroeste de la Península Ibérica: aproximación a su estudio*, Universidad de León, 285-301.

Sierra Méndez, J.L 2003: "La conservación de la madera arqueológica subacuática: Museo y Centro Nacional de Investigaciones Arqueológicas Submarinas" en *Monte Buciero* 9, 225-266.

18. A OLERÍA MEDIEVAL

A cerámica e os utensilios elaborados con este material son moi importantes para a arqueoloxía e proporcionan moita información para a historia, fundamentalmente para a historia da vida cotiá das xentes que ocupaban ese territorio. A cerámica vén acompañando a humanidade case desde o neolítico e supuxo un grande avance para as antigas sociedades a nivel alimentario, de almacenaxe e sanitario. Hoxe, coas técnicas apropiadas en arqueoloxía a través do estudo destes materiais, podemos darlle cronoloxías moi precisas aos xacementos, saber máis sobre comercio e rutas de transporte, técnicas produción, hábitos e usos alimentarios, etc.

Para a Idade Media os recipientes de uso común en cociña eran elaborados con este material e coñécense como «cerámica común gris medieval». Actualmente son varios os especialistas que están a estudar a súa distribución na nosa terra e a súa produción. Polo de agora coinciden en que estamos diante dun conxunto de tipos cerámicos con funcionalidade de servizo de cociña ou colectores de líquidos e sólidos. A súa característica común é que presentan pasta gris como resultado dunha cocción redutora. Polo que respecta á súa cronoloxía, teñen o seu auxo entre os séculos XI e XIII, perdurando ata a Idade Moderna (César Vila, Bonilla Rodríguez e López Pérez, 2010). As técnicas decorativas máis habituais son: impresións (dixitacións e unculacións), incisións (con liñas simples ou onduladas horizontais) e plásticas, predominando os cordóns aplicados con dixitacións. O repertorio formal está estandarizado, recolléndose entre as formas mais comúns olas (de borde horizontal cóncavo, de borde de pestana), xerras (trilobuladas e de borde de pestana), vasos de borde sinxelo e tapadeiras.

Entre a variedade de «cerámica común medieval» exposta no Museo temos unha boa representación tanto de xerras trilobuladas como de olas e oliñas. Todas elas proceden de escavacións urbanas na cidade de Santiago, o que nos fala unha vez máis de toda a riqueza histórica que agocha o subsolo compostelán.

XACEMENTO	Diversas procedencias. Escavacións arqueolóxicas urbanas en Compostela
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Rúa da Raíña 11 Arqueóloga: M. Pérez Mato
	Banco de España, praza das Praterías, 2. 2010. Arqueóloga: D. Gil Agra
	Antiga capela e lazareto medieval de S. Lázaro. Arqueólogos: A. Bonilla Rodríguez e M. César Vila
	Avda. Raxoi 2009-10. Arqueólogo: A. Parga Castro
	Rúa do Franco, 2011. Arqueólogo: A. Rodríguez Resino
	Finca Simeón. 2000. Arqueóloga: L. Elguero Córdoba
	San Paio de Antealtares 1995. Arqueóloga: P. Soto Arias
TIPOLOXÍA	Xerras, xerriñas e cántaro Trilobulados. Olas de cerámica común gris medieval
CRONOLOXÍA	S.XI – XV
CATALOGACIÓN MDPS	N.ºs de inventario: Xerras: D-1101.369/370, D-205.44/1/A-AI, D-782.121/120 e D-782.121/122/A-B. Olas: D-782.121/123; D-1116.621/622; D-236.68/1/A-T; D-1108.619/621; D-1108.619/622; D-1108.619/85/A-D e D-1125.39/15
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área: A cidade medieval

As xerras trilobuladas están realizadas en pastas grises, presentan perfil pechado con fondo plano, corpo globular e bordo exvasado. Teñen asa vertical. Na boca presenta o pico vertedor que lle dá ao recipiente esa característica forma trilobulada con bordo exvasado e beizo entre redondeado e plano (César Vila, Bonilla Rodríguez e López Pérez, 2010). Entre os exemplares expostos podemos ver un cántaro de gran tamaño e unha das xerras que conserva unha pequena perforación no colo, á altura da asa, se cadra como tope para unha medida de referencia dalgunha cantidade de líquido.

Por outra banda están as olas e oliñas. Estes exemplares correspóndense a unha das formas clásicas da olaría plenomedieval caracterizada por desenvolver cacharros de uso común, principalmente para cociña, ou destinadas, coma neste caso, a almacenaxe e no servizo de mesa (César Vila, Bonilla Rodríguez e López Pérez, 2010). O tipo de xerra bicuda mantívose na olaría tradicional galega e aínda hoxe existen formas moi semellantes para conter líquidos, principalmente viño. Esta cerámica gris obedece a un tipo de produción local, caracterizada precisamente polas súas pastas grises micáceas, que nace no s. XI e perdura no período baixomedieval até a época moderna (César Vila, Bonilla Rodríguez e López Pérez, 2010). A ola de borde horizontal cóncavo é unha tipoloxía bastante abundante entre a colección do Museo, sen dúbida debido á súa utilidade básica e a unha fabricación sinxela. Unha curiosidade entre todas as pezas expostas é a conservación dunha destas olas enteira sen ningún tipo de fisura. Foi localizada dentro dos depósitos de recheo dun pozo cegado en época medieval na rúa da Raíña 11.

Bibliografía de referencia:

Alonso Toucido, F., Prieto Martínez, P. e Rodríguez Resino, A. 2013: "Cerámica en silos. Contextos medievais e modernos na rúa do Franco nº 31. Santiago de Compostela" en *Gallaecia*, nº 32.

Alonso Toucido, F. e Prieto Martínez, P. 2018: "Franco nº31 (Santiago de Compostela), una nueva datación para la arqueología medieval de la ciudad" en *Arqueología en el Valle del Duero: del Paleolítico a la Edad Media, Glyphos*, 670-676.

Del Río Canedo, V., Alonso Toucido e Ferreiro Diz, O. 2016: "Ajuar doméstico en las mesas compostelanas de época medieval: madera y cerámica como caso de estudio" en Rebeca Cordeiro Macenlle, Alia Vázquez Martínez (eds.), *Estudos de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga : achegas dos novos investigadores*, 425-438.

César Vila, M. , Bonilla Rodríguez, A., e López Pérez, C., 2010: "Aportaciones al conocimiento de la cerámica producida en la última fase de la Edad Media en Galicia" en *Metodología de Análisis Aplicada a los Estudios de Cerámica Tardoantigua y Medieval de la Península Ibérica, Jornada*

internacional sobre metodología de análisis aplicada a los estudios de cerámica tardoantigua y medieval de la Península Ibérica, Universidad de León, Instituto de Estudios Medievales, 145-160.

Pérez Mato, M. e César Vila, M. 2017: "Materiais arqueolóxicos orgánicos en contextos medievais e modernos: resultados da intervención realizada no inmovible da Rúa da Raíña nº 11 (Santiago de Compostela, A Coruña)" en *Boletín auriense*, (47), 109-138.

Teira Brión, A. 2013: "Dentro y fuera del bosque. La gestión del prunus avium/cerasus en época romana y medieval en el NW ibérico" en *Revista arkeogazte*, nº 3, 99 – 115.

Teira Brión, A 2015: "Cultivos e fronteiras na Idade Media en Galicia. O conxunto carpolóxico da escavación do Banco de España (Santiago de Compostela)" en *Gallaecia* 34, 209 – 226.

Para saber máis:

Bonilla Rodríguez, A. e César Vila, M. 2005: "Excavación arqueológica en área en el solar de la antigua capilla y lazareto medieval de S. Lázaro (Santiago de Compostela, A Coruña)" en *Gallaecia*, nº 24, 219-242.

César Vila, M., de Lombera Hermida, A., Fábregas Valcarce, R. e Rodríguez-Álvarez, X. P. 2018: "Estudio de la cerámica medieval de Cova Eirós (Triacastela, Lugo)" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 65(131), 73-105.

César Vila, M. e Bonilla Rodríguez, A. 2011: "Síntesis de los materiales cerámicos procedentes del yacimiento de As Encobras, Cerceda – A Coruña" en *La cerámica en Galicia*, 141.

César Vila, M. e Bonilla Rodríguez, A. 2003: "Estudio de los materiales cerámicos del "Castelo da Lúa"(Rianxo, A Coruña)" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (22), 297-368.

García Alén, L. 2008: *La alfarería de Galicia*, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Martínez Casal, J. R. 2006. "A cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte. Contribución ao seu estudo" en *Gallaecia*, 25, 187-225.

Martínez Peñín, R. 2010: "Metodología aplicada al análisis de la cerámica medieval". En M. CRESPO e R. MARTÍNEZ (eds.), *Metodología de Análisis Aplicada a los Estudios de Cerámica Tardoantigua y Medieval de la Península Ibérica*, León, 145-160.

Matesanz Vera, P. 1987: "La cerámica medieval cristiana en el norte (siglos IX-XIII): nuevos datos para su estudio" en *II Congreso de Arqueología Medieval Española*, (Madrid, 1987). Madrid, 245-259.

Suárez Otero, J., Gimeno García Lomas, R. e Fariña Busto, F. 1989. "La cerámica medieval en Galicia" en J. AVELINO e R. BOHIGAS (eds.), *La cerámica medieval en el norte y noroeste de la Península Ibérica. Aproximación a su estudio*. León, 285-301.

19. A ROCHA FORTE. FORTALEZA MEDIEVAL

Nas aforas da cidade de Santiago atopamos un dos xacementos arqueolóxicos clave para entender algúns dos episodios máis violentos da historia compostelá: o castelo da Rocha Forte. Na Idade Media estas terras conformaban un amplo señorío coñecido como Terra de Santiago, das que o arcebispo compostelán era o señor feudal. Polo tanto tiña poder militar, fiscal e xudicial sobre os seus vasallos, a cidadanía da cidade de Santiago e un amplo territorio.

O castelo da Rocha Forte foi levantado cara a 1250 e foi residencia arcebispal de urxencia en momentos de crise e centro de control administrativo, portádego, lugar para o pagamento de impostos pola entrada de mercadorías en Compostela. Exercía tamén a vixilancia dos camiños cara aos portos de Padrón e Noia (César Vila et. al. 2013: 35).

Son tres os conflitos armados que teñen lugar neste contexto. O primeiro deles ten lugar entre 1317-1320, entre o arcebispo Berenguel de Landoira e os cidadáns de Compostela. O segundo dos enfrontamentos data de 1458, ano no cal o arcebispo Rodrigo de Luna tivo que facer fronte á irmandade de Santiago constituída ese mesmo ano. Finalmente, o terceiro e máis importante conflito ten lugar pouco despois do anterior, en 1466, no cal o castelo chega ao seu fin coa Revolta Irmandiña. En todos estes conflitos se ilustra a tensión entre o Concello e a mitra compostelá.

As campañas arqueolóxicas comezaron no ano 2002 e duraron ata o 2006 promovidas pola Universidade de Santiago de Compostela. O traballo continuouse cunhas campañas no 2009, 2013 e 2020 promovidas polo Concello.

Ao longo das sucesivas campañas de escavación ponse en evidencia a importancia do xacemento. Estamos ante un edificio espectacular para a súa época, cunha cronoloxía que abrangue desde o século XIII ao XV.

O tipo de enfrontamento que ten lugar neste momento denomínase guerra de asedio (César Vila et. al. 2013: 36). Esta deixará as súas evidencias no rexistro arqueolóxico con numerosos achados que nos remiten a estes episodios violentos (César Vila et. al. 2013: 36 - 37). Polo

XACEMENTO	Castelo medieval da Rocha Forte (Santiago de Compostela)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Campañas de escavacións sistemáticas promovidas pola universidade de Santiago de Compostela entre os anos 2002 e 2007 dirixidas polos arqueólogos R. Casal Rodríguez e F. Acuña Castroviejo. Campaña de acondicionamento, escavación e restauración. Ano 2009. Arqueólogos: M. A. López Marcos e L. F. López González, Campaña de escavación arqueolóxica desenvolvida no ano 2013, dirixida pola arqueóloga M.J. Bóveda Fernández. Campaña de escavación arqueolóxica desenvolvida no ano 2020 dirixida polo arqueólogo M. César Vila
TIPOLOXÍA	Ver variedade de achados
CRONOLOXÍA	s. XIII – XV
CATALOGACIÓN MDPS	N. ^{os} de inventario: xerais de inventario: D-727.512, D-801.1096, D-816.2274, D-1073.298 e D-1428.2784
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área: O señorío da cidade

que respecta aos materiais, son numerosas as evidencias arqueolóxicas derivadas dos conflitos armados depositados nos almacéns do Museo. Nesta vitrina podemos atopar unha selección de puntas de frecha, unha lanza, bolaños e unha espada curta.

O rexistro arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte é moi amplo. Hai obxectos de luxo vinculados co status da mitra compostelá, como a vaixela de importación. Non é de estrañar tampouco o abundante material numismático recollido, no que destacan as moedas da ceca compostelá. Non obstante, tamén son moi frecuentes os restos de cerámica común gris medieval, como a ola exposta, elementos pertencentes á presenza de cabalería con ferraduras e bocados de cabalo e outros obxectos vinculados co día a día do castelo.

Un achado sorprendente é aquel que nos remite ao tempo de ocio dos seus moradores. A aparición dun alquerque de 9 tallado en pedra e a existencia tanto de fichas de xogo como de dados, elaborados en cerámica e óso, permítenos coñecer mellor aspectos cotiás da vida das xentes que ocupaban este castelo en época medieval.

Bibliografía de referencia:

Casal García, R. e Acuña Castroviejo, F. *et al.* 2004: "A Fortaleza da Rocha Forte (Santiago): campañas de intervención 2002-2003" en *Gallaecia*, 23, 2004, 195-204.

Casal García, R. e Acuña Castroviejo, F. *et al.* 2005: "La fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela). Campaña de 2004" en *Gallaecia*, 24, Santiago de Compostela, 218.

Casal García, R. e Acuña Castroviejo, F. 2007, "La arquitectura de la fortaleza medieval de Rocha Forte (Santiago de Compostela)" en López-Mayán Navarrete, Mercedes y Galbán Malagón, Carlos J. (coords.), *Del documento escrito a la evidencia material: actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval (Santiago de Compostela, 22, 23 y 24 de marzo de 2006)*, Santiago de Compostela, Lóstrego, 87-114.

Casal García, Raquel; Acuña Castroviejo, Fernando *et al.* 2006: "O castelo gótico da Rocha Forte, Santiago de Compostela" en Singul Lorenzo, Francisco Luis, *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 430-437.

Casal García, R., Acuña Castroviejo, F., Martínez Casal, J. R. e Santamaría Gámez, G. 2007: "V campaña de intervención no Castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela): novas preliminares da actuación no ano 2006" en *Gallaecia*, 26, 163-183.

Casal García, Raquel; Acuña Castroviejo, Fernando *et al.* 2006: "Fortaleza medieval de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2005" en *Gallaecia*, 25, 147-172.

Casal García, R et. al. 2009: "A evolución arquitectónica dun castelo baixomedieval: o caso da Rocha Forte (Santiago de Compostela)" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (28), 199-212.

Cesar Vila, M. 2013: *Rocha Forte*, Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación. Concellaría de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Concello de Santiago, dispoñible en <https://rochaforte.santiagodecompostela.gal/proxecto/proxecto/> [Data consulta 30/03/2021]

Fernández Abella, D. 2014: "El castillo de A Rocha Forte, un ejemplo para el estudio de la guerra bajomedieval" en *Roda da Fortuna*, 1-1/3, 225-256.

Galban Malagón, C. J. 2011: "¿Sueñan las piedras con fortalezas medievales? La heterodoxia disciplinar en el estudio de las fortalezas de la Terra de Santiago" en *Estrat crític: revista d'arqueologia*, 86-98.

González Vila, G. 2006: " Achádegos numismáticos na fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela)" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (25), 227-267.

Martínez Casal, J. R. 2006. "A cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte. Contribución ao seu estudo" en *Gallaecia*, 25, 187-225.

López Costas, O. e Teira Brión, A. M. 2014: "Condiciones de vida reconstruidas mediante el estudio de los restos humanos hallados en la fortaleza Bajomedieval de A Rocha Forte, Santiago de Compostela" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (33), 257-280.

Prieto Martínez, M. P., Alonso Toucido, F., Casal García, R. e Acuña Castroviejo, F. 2017: "Cerámica de lujo medieval en dos castillos de la mitra compostelana", en *Estudios Humanísticos. Historia*, (16), 159-175.

Prieto Martínez, M. P., Lantes Suárez, Ó. e Alonso Toucido, F. 2018: "Contribución de la arqueometría a la caracterización de la cerámica medieval en Galicia" en *Arqueometría de los materiales cerámicos de época medieval en España*, 79.

Sánchez Sánchez, X.M. 2007: "La Fortaleza de Rocha Forte: un castillo concéntrico en las corrientes constructivas europeas del siglo XIV", *Compostellum*, 3-4 / 52, 603-632.

Para saber máis:

Buceta Brunetti, G. 2006: "Diagnóstico sobre los agentes de alteración en el yacimiento medieval de La Rocha Forte (Santiago de Compostela, A Coruña)" en *Gallaecia*, 25, 173-185.

- Fraga Díez, G. F. C. 1988: "Referencias a las armas utilizadas en las luchas nobiliarias gallegas en el siglo XV", *Gladius*, volumen especial, 103-105.
- Fernando López, A. 2014, La ciudad de Santiago en la Alta Edad Media, Consorcio de Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Keen, Maurice (ed.) 2005: *Historia de la guerra en la Edad Media*, Madrid, A. Machado Libros.
- Mora Figueroa, L. de 2006: *Glosario de arquitectura defensiva medieval*, Madrid, Ministerio de Defensa.
- Navarreño Mateos, A. 1988: "El castillo bajomedieval: arquitectura y táctica militar", *Gladius*, volumen especial, 113-152.
- Pallares Méndez, M^a C. e Portela Silva, E. 2007, Da Galicia antiga á Galicia feudal (séculos VIII-XI), vol. 1: Mulleres, homes e paisaxes; vol. 2: Poder e mentalidade, en A Gran Historia de Galicia, Tomo IV, Arrecife Edicións Galegas, La Voz de Galicia, A Coruña.
- Pallares Méndez, M^a C. e Portela Silva, E. 2007, De Xelmírez aos Irmandiños. A Galicia feudal (séculos XII-XV), vol. 1: Campos e cidades nun espacio redefinido; vol. 2: O encadramento social e a loita polo poder, en A Gran Historia de Galicia, Tomo V, Arrecife Edicións Galegas, La Voz de Galicia, A Coruña.
- Portela Silva, Ermelindo (Coord.) 2003: *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Concello de Santiago de Compostela, Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Portela Silva, E., Pallares Méndez, M. C. e Sánchez Sánchez, J.M. 2004: *Rocha Forte: el castillo y su historia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Rodríguez González, Ángel (ed.) 1984: *Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños: pleito Tabera-Fonseca*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza-Conde Fenosa.
- Sánchez Sánchez, X. M. 2010: "Don Álvaro Sánchez de Ávila, tenente de Rocha Forte, o la nobleza gallega bajomedieval en la transición hacia la modernidad" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 57(123), 91-193.
- Sánchez Sánchez, X. M. 2019, Iglesia, mentalidad y vida cotidiana en la Compostela Medieval, Consorcio de Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

20. RESTOS ARQUEOLÓXICOS. EVIDENCIAS DA NOBREZA E BURGUESÍA COMPOSTELÁ

A memoria das liñaxes nobiliarias en Compostela é visible na pegada que deixaron no urbanismo e é evidente na heráldica que locen algunhas fachadas da cidade. Pero este pasado das grandes familias non só é visible nos textos e na arquitectura, senón tamén na arqueoloxía, que recolle a evidencia do seu paso.

Un exemplo disto son as xácigas de sepulcro expostas, nas que son moi visibles os símbolos da Casa dos Moscoso, con cabezas viradas de lobo nas que aínda é visible a pintura vermella nos lobos e nos brasóns. Estas pezas foron atopadas durante os traballos arqueolóxicos desenvolvidos na praza da Quintana na década dos anos 60 do século pasado. Aparecen nun nivel de recheo no que tamén se atoparon pezas procedentes do antigo ledoiro do coro mateán, o que leva a pensar ás súas investigadoras que probablemente se trate dalgún parente do arcebispo don Rodrigo de Moscoso, quen en 1382 fundou a capela da Nosa Señora dos Ferros a carón do coro (Barral Rivadulla e Cendón Fernández, 2003: 208).

As súas investigadoras pensan que probablemente se tratase dun sepulcro acaroado. Iconograficamente aparecen representados «catro escudos que se corresponden coa liñaxe dos Moscoso, con lobos de fauces abertas que se miran entre si. Os brasóns enmárcanse baixo dobres arcadas apuntadas, xeminadas e decoradas con rosetas (...) Nos extremos dous anxos suxeitan sobre a súa cabeza a conxunción da dobre arracada» (Barral Rivadulla e Cendón Fernández, 2003: 208).

O século XIV foi o momento de auxe da burguesía compostelá, en parte polo aumento do comercio como consecuencia do importante fluxo de peregrinos que a cidade acollía neses intres (Pérez Fernández, 2004: 197). Desta florecente etapa histórica quedan restos arquitectónicos recuperados en escavacións urbanas, como os capiteis decorados expostos nesta sala. Probablemente procedan dalgunha edificación situada na rúa da

XACEMENTO	Escavacións urbanas na cidade: · Praza da Quintana (Santiago de Compostela) · Rúa da Algalia (Santiago de Compostela)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Achados arqueolóxicos procedentes das escavacións na praza da Quintana na década de 1960. Arqueólogo: M. Chamoso Lamas Capiteis con probable procedencia da rúa da Algalia de Abaixo
TIPOLOXÍA	Xáciga de sepulcro Capiteis
CRONOLOXÍA	S. XIV – XV
CATALOGACIÓN MDPS	N. ^{os} de inventario: Xácigas de sepulcro: 417 ao 420 Capiteis: D-614 e D-700 Catalogador/a(s): B. Pérez Outeiriño I. Pesquera Vaquero G. Gil D. Domínguez Pallas
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: A cidade medieval

Algalia de Abaixo, próxima ao pazo de Amarante (Pérez Fernández, 2004: 197). Os seus estudosos apuntan que probablemente proceda dalgunha casa torre situada na contorna na que se concentraba a burguesía compostelá debido á proximidade coa praza do Campo, actual praza de Cervantes (Pérez Fernández, 2004: 197).

Trátase de capiteis xeminados decorados con follas lanceonadas, cun alto grao de xeometrización no que os elementos vexetais abandonan os trazos naturais para se converter en liñas decorativas (Pérez Fernández, 2004: 197). Un deles posúe unha peculiaridade decorativa, que os seus investigadores apuntan que se podería tratar dunha punta de frecha triangular invertida e realizada coa técnica do biselado (Pérez Fernández, 2004: 197).

Bibliografía de referencia:

Barral Rivadulla, D. e Cendón Fernández, M. 2003: "Fragmentos de sepultura pertencente á liñase dos Moscoso" en Marcelina Calvo Domínguez, Carmo Iglesias Díaz y Juan Navarro (coords.) *Luces de Peregrinación*, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 208-211.

Barral Rivadulla, D. e Cendón Fernández, M. 2004: "Fragmentos de yacija perteneciente al linaje de los Moscoso" en Pablo León Gasalla, Javier Santullano (coords.) *Luces de peregrinación: sede real y sede apostólica*, Oviedo: Consejería de Cultura, Comunicación Social y Turismo, 263-266.

Barros Guimeráns, C. 2006: «Capitel xeminado» en Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV, Santiago de Compostela: S.A. Xestión do Plan Xacobeo, 370-371.

Chamoso Lamas, M. 1971: "Noticias sobre recientes descubrimientos arqueológicos y artísticos efectuados en Santiago de Compostela" en *Separata de: Príncipe de Viana*, nº 122-123.

Pérez Fernández, S. 2004: "Capitel geminado" en Pablo León Gasalla, Javier Santullano (coords.) *Luces de peregrinación: sede real y sede apostólica*, Oviedo: Consejería de Cultura, Comunicación Social y Turismo, 252-253.

Para saber máis:

Galbán Malagón, J.C. 2015: Relaciones de poder y memoria de un linaje. La intervención de la Casa de Moscoso en la Compostela de los siglos XIV-XVI, *Madrygal*, 18 (2015), 13-131.

Galbán Malagón, J.C. 2009: "Evolución constructiva de la fortaleza de Altamira, del documento escrito al edificio" en *Actas del Sexto Congreso Nacional de Historia de la Construcción: Valencia, 21-24 de octubre de 2009*, 533-544.

Galbán Malagón, C. J. 2011: *Arquitectura militar y aspectos constructivos de las fortalezas bajomedievales. Origen, función, contexto y evolución de las fortalezas de Altamira, Vimianzo y Cira*. Universitat de Barcelona.

21. CAMBISTAS. O FLORÍN DE OURO

Co crecemento da cidade e o aumento de peregrinos que chegaban a Santiago desenvóléronse distintos oficios necesarios para satisfacer as necesidades dos cidadáns de Compostela e dos seus visitantes. Coa chegada de peregrinos procedentes de toda Europa era necesario contar na cidade cun cambiador que fixera o troco oportuno de moedas para poder comerciar (Suárez Otero, 2005: 93).

Son numerosas as mostras de numismática documentadas na cidade. Con todo, é o exemplar exposto de florín de ouro de Pedro IV de Aragón procedente do mosteiro de Carboeiro (Silleda, Pontevedra), o exemplar que mellor documenta o exercicio esta actividade. Este numisma converteuse na moeda de ouro de referencia en Europa durante os séculos XIII e XIV. A aparición destas moedas en Galicia testemuña a variada procedencia dos peregrinos e o impulso do comercio.

Descrición da moeda: no anverso, san Xoán Bautista nimbado, de pé e de fronte, coa man dereita en actitude de bendicir. Ao redor a lenda: S · IOHA - NNES · B. No reverso, unha flor de lis. Ao redor a lenda: + ARAG - O REX P (Francisco Olmos e Novoa Portela, 2009: 156).

En 1346, o rei Pedro IV (1336-1387) tomou unha decisión importante: crear unha moeda de ouro que servise para todos os seus territorios, é dicir, xa non era a moeda dun deles que podía circular nos outros, senón o que poderíamos chamar, por primeira vez, unha moeda específica da Coroa de Aragón, no sentido de que tiña validez en todos os territorios baixo a súa soberanía. Esta nova moeda sería o florín, copiando a daquela moeda de ouro máis prestixiosa de Europa, o florín de Florencia, mantendo os seus tipos e simplemente cambiando a lenda de titularidade (Francisco Olmos e Novoa Portela, 2009: 157).

O florín aragonés foi moi importante en toda a Baixa Idade Media peninsular e foi usada en Castela practicamente como moeda propia, coñecida como o florín de ouro de Aragón, ou florín de cuño de Aragón, a cal se cambiaba en 1369 por 23 marabedís. A súa evolución de

XACEMENTO	Mosteiro de Carboeiro (Silleda, Pontevedra)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións arqueolóxicas realizadas no Mosteiro e Igrexa de san Lorenzo de Carboeiro (Silleda, Pontevedra). Campaña de 1991
	Arqueólogo: A. Bonilla Rodríguez
TIPOLOXÍA	Florín
CRONOLOXÍA	1369-1387
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-694.171/1
	Catalogadora: E. Gigirey Liste
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área: Gremios e confrarías

cambio foi a que segue: en 1429 valía 25 maravedís, en 1438 cambiábase por 70 maravedís, en 1465 por 150, en 1471 por 210 e en 1475 por 240 maravedís; uns anos despois, en 1480, estabilizouse nun valor de 265 maravedís (Francisco Olmos e Novoa Portela, 2009: 157).

A existencia do gremios dos cambiadores está constatada en Compostela desde o século XII e constituída desde o XIII (López Ferreiro 1895, recollido por González Vázquez, 1994: 334). A orixe desta asociación vincúlase á masiva afluencia de peregrinos xa durante o século de Xelmírez. A chegada de moeda foránea faría necesaria a dedicación ao cambio de moitos composteláns, e tamén estranxeiros, atraídos polas posibilidades económicas de unha cidade foco de atracción europea (González Vázquez, 1994: 334). Pensase que estas mesas de cambio estarían situadas na portada setentrional da catedral, actualmente Acibachería . Funcionaban como verdadeiros bancos, nos que cada primeiro de agosto decidíase o valor anual do marco de prata, fixando a aliaxe dos marcos propios da *coenga* ou da *canóniga* (López Ferreiro 1895, recollido por González Vázquez, 1994: 335).

Bibliografía de referencia:

Francisco Olmos, J.M. e Novoa Portela, F. 2009: *Catálogo de numismática do Museo das Peregrinacións e de Santiago*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 156-157, nº 241.

López Carreira, A. e López Pato, S. 2009: *Da Terra de Lemos ao Reino de Galicia*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Turismo, 145.

Suárez Otero, J. 2006: "Florín" en *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, S.A. Xestión do Plan Xacobeo, 94- 95.

Para saber máis:

Alfaro Asíns, C. 2001: "Emisión de moneda en Galicia" en Carmen Alfaro Asins, Carmen Marcos Alonso e Paloma Otero Morán (coords.), *Esto es dinero: de los orígenes al euro*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 137-152.

González Vázquez, M. 1994: "Vecinos y oficios en la Compostela medieval. Un análisis a través de la documentación catedralicia de Santiago (1150 - 1400)" en *Compostellanum*, XXXIX, 327 -354.

López Ferreiro, A. 1895: *Fueros municipales de Santiago y de su tierra* (Vol. 1). Imp. y enc. del Seminario C. Central.

Nuñez Meneses, P. 2017: "Historia monetaria de la Galicia medieval" Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

Suárez Otero, J. 2005: "Apuntamentos sobre a vida cotiá na Galicia do século XV" e *Os capítulos da irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, SA de Xestión do Plan Xacobeo, Xunta de Galicia 88-99.

22. MARCAS E SELOS

A actividade artesá da cidade desde época medieval, regulada polos gremios, deixou a súa pegada tanto na toponimia da cidade como no testemuño vivo das súas creacións. Ao par da súa produción, estas actividades foron deixando outro tipo de documentación asociada á regularización destes grupos de traballadores: textos, documentos e obxectos varios, como a matriz de selo exposta no museo.

Durante á visita ao centro podemos atopar un singular exemplar exposto recuperado durante as escavacións arqueolóxicas realizadas na praza da Quintana en 1964. Trátase dunha matriz de selo fundida na que aparece a inscrición e a simboloxía interpretada como unhas tenaces e sobre elas dous círculos xustapostos que forman un oito. O texto parece indicar que se trataría dun selo gremial pertencente a un ferreiro, pois parece poder lerse «PE(R)O FERRE(I)RO».

O desenvolvemento urbano de Compostela está moi vencellado á importancia mercantil que adquire ao se converter na meta de peregrinación dun Camiño cada vez máis transitado e polo que circularán peregrinos e mercadorías. As actividades que diferenciaron a cidade de Santiago do resto da contorna foron aquelas vinculadas directamente con fenómeno da peregrinación (González Vázquez, 1994: 333). Albergueiros, cambistas, cuncheiros e orfebres son as profesións máis destacadas dos oficios desenvolvidos polos composteláns vinculados coa peregrinación. Con todo, a parte dos traballadores asociados á construción da catedral e a cubrir as súas necesidades, aparece un importante sector dedicado á manufactura de peles animais (bolseiros, peleteiros, zapateiros, etc.). A partes destes grandes grupos están os *alfayates*, un cuchilleiro, un colchero, dous ferradores e catorce ferreiros (González Vázquez, 1994: 333). A evidencia material da existencia deste último oficio numerado vémosla exposta baixo unha vitrina na segunda planta do Museo e descrita nestas páxinas.

Bibliografía de referencia:

XACEMENTO	Praza da Quintana (Santiago de Compostela)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Achados arqueolóxicos procedentes das escavacións na praza da Quintana na década de 1960.
	Arqueólogo: M. Chamoso Lamas
TIPOLOXÍA	Selo
CRONOLOXÍA	S. XIII – XV
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: 720.383/28
	Catalogadores: A.Arce Méndez, A. B. Pérez Outeiriño
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: Gremios e confrarías

González Vázquez, M. 1994: "Vecinos y oficios en la Compostela medieval. Un análisis a través de la documentación catedralicia de Santiago (1150 - 1400)" en *Compostellanum*, XXXIX, 327 -354.

Para saber máis:

González Pérez, C. 2003: *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

López Ferreiro, A. 1895: *Fueros municipales de Santiago y de su tierra* (Vol. 1). Imp. y enc. del Seminario C. Central.

Suárez Otero, J. 2005: "Apuntamentos sobre a vida cotiá na Galicia do século XV" e *Os capítulos da irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, SA de Xestión do Plan Xacobeo, Xunta de Galicia 88-99.

23. O COIRO. BOTÍN MEDIEVAL E OUTROS RESTOS

Da excepcionalidade do xacemento urbano de Raíña 11 fixemos anteriormente referencia ao falar da olería medieval. Agora, unha vez máis, volvemos incidir nesta característica. A recuperación dun zapato de pel curtida datado na Idade Media foi posible grazas aos niveis de alta humidade que proporcionaba unha corrente de auga que circulaba baixo o edificio da citada rúa e á presenza dun pozo cegado (Pérez Mato e César Vila, 2017). Ambas as dúas circunstancias proporcionaron unhas condicións de anoxia que permitiron que fose recuperado pola arqueóloga directora da escavación entre os anos 2012 e 2013.

É un achado excepcional por varias razóns: á conservación, debido á súa natureza orgánica e por ser o único zapato de época medieval documentado na cidade. Á beira deste zapato, na vitrina que o acompaña, podemos ver tamén a sola doutro zapato procedente das intervencións do Banco de España (praza das Praterías 2), malia que o estado de conservación non sexa tan formidable e non se poida reconstruír a súa estrutura.

A sola do zapato presenta punteira rematada en punta triangular, como era habitual no calzado desta época. A unión coa empeña e o corpo do zapato realízase mediante cosido, como o evidencian a presenza de botoeiras. A restauradora do obxecto (Díaz Fernández, 2014) apunta que puido ser desbotado polo deterioro causado polo desgaste propio do uso continuado.

O desenvolvemento urbano de Compostela está moi vencellado á importancia mercantil que adquire ao se converter na meta de peregrinación dun Camiño cada vez máis transitado e polo que circularán peregrinos e mercadorías. As actividades que diferenciaron a cidade de Santiago do resto da contorna foron aquelas vinculadas directamente con fenómeno da peregrinación (González Vázquez, 1994: 333). Albergueiros, cambistas, cuncheiros e orfebres son as profesións máis destacadas dos oficios desenvolvidos polos composteláns vinculados coa peregrinación. Con todo, a parte dos traballadores asociados á construción da catedral e a cubrir as súas necesidades, aparece un importante sector dedicado á manufactura de peles animais como os bolseiros, *guarnicioneros*, *lanistas*, peleteiros, zapateiros, etc. (González Vázquez, 1994: 333). Oficios que poñen en

XACEMENTO	Escavacións urbanas na cidade: rúa da Raíña, n.º 11 (Santiago de Compostela)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavación arqueolóxica e control e seguimento das obras na rúa da Raíña, n.º 11 (Santiago de Compostela) durante os anos 2012 a 2013
	Arqueóloga: M. Pérez Mato
TIPOLOXÍA	Zapato / Botín de coiro
CRONOLOXÍA	1140 – 1260
CATALOGACIÓN MDPS	N.º de inventario: D-1125.39/8
	Catalogadoras: V. Del Río Canedo T. López Domínguez
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: Gremios e confrarías

evidencia a importancia da gandería na comarca. Quen sabe se os restos de faldriqueira de coiro ou os mesmos restos de zapatos aquí expostos foron elaborados polas habelenciosas mans destes singulares traballadores composteláns.

Bibliografía de referencia:

Pérez Mato, M. e César Vila, M. 2017: "Materiais arqueolóxicos orgánicos en contextos medievais e modernos: resultados da intervención realizada no inmovible da Rúa da Raíña nº 11 (Santiago de Compostela, A Coruña)" en *Boletín auriense*, (47), 109-138.

Díaz Fernández, M. 2014: *Memoria da restauración de coiros arqueolóxicos pertencentes ao inventario D-1125 Museo das Peregrinacións (Santiago de Compostela)*, Inédito, Depósito documental do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

Río Canedo, V. del; Alonso Toucido e Ferreiro Diz, O. 2016: "Ajuar doméstico en las mesas compostelanas de época medieval: madera y cerámica como caso de estudio" en Rebeca Cordeiro Macenlle, Alia Vázquez Martínez (eds.), *Estudos de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga: achegas dos novos investigadores*, 425-438.

Para saber máis:

González Vázquez, M. 1994: "Vecinos y oficios en la Compostela medieval. Un análisis a través de la documentación catedralicia de Santiago (1150 - 1400)" en *Compostellanum*, XXXIX, 327 -354.

Marion Kite e Roe Thomson, 2006: *Conservation of leather and related materials*, ed. Butterworth – Heinemann.

24. O TESOURO DE CARBOEIRO

O coñecido como Tesouro de Carboeiro é un conxunto numismático de máis de 100 pezas achadas no mosteiro pontevedrés de San Lourenzo de Carboeiro (Silleda). A maioría son do reinado de Henrique III de Castela (1390-1406), aínda que hai moedas dos reinados de Afonso X (1252-1284), Xoán I (1379-1390), Xoán II (1406-1454), dos Reis Católicos e de Carlos I de España (1516-1556). Hai tamén variedade de tipos nas que os especialistas documentaron tanto brancas como medias brancas ou coroados.

A igrexa mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro e as súas edificacións teñen orixes prerrománicas. O mosteiro fúndase cunha doazón do ano 936 outorgada á orde bieita polos condes Gonzalo e Teresa (Bonilla Rodríguez, 2000: 253). Este primitivo edificio foi destruído por Almanzor no 997, polo que se volveu consagrar no 999 (Bonilla Rodríguez, 2000: 253). Desde entón, o mosteiro destacou pola súa prosperidade ata ser anexionado no século XVI ao priorado de San Martiño Pinario. No século XIX, coas desamortizacións e exlaustracións, o mosteiro foi abandonado. Actualmente, o edificio está formado por unha igrexa de estilo románico (S. XII - XIII) e un conxunto máis moderno con estruturas pertencentes ao priorado (Bonilla Rodríguez, 2000: 254). Precisamente neste espazo foi onde se localizaron varios enterramentos pertencentes a un momento baixomedieval; nun deles foi descuberto o tesouriño de moedas depositadas na tumba (Bonilla Rodríguez, 2000: 254).

Bibliografía de referencia:

Bonilla Rodríguez, A. 2000: "Trabajos arqueológicos en el monasterio e iglesia de S. Lorenzo de Carboeiro (Silleda, Pontevedra). Campaña de 1991: resumen de trabajos y hallazgos realizados" en *Brigantium*, vol. 12, 253 – 254.

Francisco Olmos, J.M. e Novoa Portela, F. 2009: *Catálogo de numismática do Museo das Peregrinacións e de Santiago*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 58 – 59.

XACEMENTO	Mosteiro de Carboeiro (Silleda, Pontevedra)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Escavacións arqueolóxicas realizadas no mosteiro e igrexa de San Lorenzo de Carboeiro (Silleda, Pontevedra). Campaña de 1991
	Arqueólogo: A. Bonilla Rodríguez, A.
TIPOLOXÍA	Moedas brancas, coroados e medias brancas
CRONOLOXÍA	S. XIV - XVI
CATALOGACIÓN MDPS	N. ^{os} de inventario: D-694.171/2 ao 171
	Catalogadora: E. Gigirey Liste
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área: O establecemento de redes comerciais

Para saber máis:

Alfaro Asíns, C. 2001: "Emisión de moneda en Galicia" en Carmen Alfaro Asins, Carmen Marcos Alonso e Paloma Otero Morán (coords.), *Esto es dinero: de los orígenes al euro*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 137-152.

Nuñez Meneses, P. 2017: "Historia monetaria de la Galicia medieval" Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.

Roma Valdés Valdés, A. 2003: "Las monedas compostelanas entre 1157 y 1230" en *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (22), 369-382.

25. O COMERCIO EN ÉPOCA MODERNA EN COMPOSTELA A TRAVÉS DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS

Como fomos vendo ao longo desta visita, a cerámica en arqueoloxía é un dos materiais que máis destacan. Por unha banda, soe ser sempre o material máis abundante; por outra, é moita a información que podemos extraer do seu estudo aplicando a metodoloxía arqueolóxica, científica e histórica adecuada. Entre as súas achegas están a de proporcionar a cronoloxía, os usos e costumes alimentarias das xentes que a usaron e/ou fabricaron, o estudo das técnicas e a tecnoloxía para produci-la así como de onde e como extraeron a materia prima. Outro dos beneficios que obtemos co seu estudo é o do fluxo comercial que se desenvolvía entre diversos puntos (produtores e consumidores dos produtos cerámicos e, en ocasións, do que almacenaban no seu interior) ao longo da historia. Precisamente, neste último punto é onde nos deteremos.

De novo, a arqueoloxía urbana da cidade saca a luz unha parte da nosa historia soterrada baixo séculos de historia e evolución urbana. As pezas de cerámica e de louza expostas no Museo estannos a falar das conexións comerciais que tiña a cidade de Compostela nas idades Media e Moderna. Pero non só de datos económicos e comerciais, senón das diferenzas sociais e do nivel de riqueza que se estaba a desenvolver neste momento. A diferenza de moitos dos restos cerámicos vistos ata o momento, agora estamos ante unha cerámica de luxo en exclusiva e polo tanto custosa, que non todas as clases sociais se poderían permitir.

A través destas relacións comerciais chegaban á cidade produtos de diversas procedencias, tanto peninsulares como europeas. Documéntase a entrada de moeda estranxeira na cidade, así como de abundantes produtos cerámicos procedentes de alfares peninsulares. De Sevilla procede o fabuloso conxunto de vaixela recuperado no barco afundido nas proximidades da Illa da Rúa (Ribeira, A Coruña), pero tamén son numerosos os fragmentos de vaixelas recuperados nas escavacións urbanas da cidade procedentes das olerías levantinas de Manises ou de Talavera de la Reina, con exemplares expostos baixo esta vitrina.

XACEMENTO	Escavacións urbanas na cidade de Santiago e os restos cerámicos procedentes do pecio da Illa da Rúa (Ribeira, A Coruña)
INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA	Acibechería, n.º 29 (Santiago de Compostela), 1987-88. Arqueólogos: Rey Seara e Rodríguez Puentes
	Pecio da Illa da Rúa
	Casa do Deán, rúa do Vilar, n.º 1 (Santiago de Compostela), 2005. Arqueólogo: J. Suárez Otero
	Rúa do Vilar, n.º 19, 2000. Arqueólogo: J. Suárez Otero
TIPOLOXÍA	Cerámica de luxo medieval e moderna
CRONOLOXÍA	S. XIV – XVII
CATALOGACIÓN MDPS	N.ºs de inventario: D-977.1244/1247 (anforeta de Indias); D-817.37/5 a D-817.37/19 (pecio da illa da Rúa); D-800.8761/1317/A-F (escudela de Manises); D-800.8761/692/A-C (prato de Talavera de la Reina); D-800.8761/883/A-D (xerra de tipo Westfalia); D-800.8761/569 (cerámica de Montelupo); D-800.8761/2543 (louza portuguesa); D-800.8761/732/A-M) (xícara); D-800.8761/821/A-E (teteira); D-561.22/1/A-E e D-561.22/3/A-D (louzas vidrado estannífero), D-561.22/7/A-H (louza con decoración en azul e morado)
PODÉMOLO ATOPAR EN	Segunda planta Área temática: O establecemento de redes comerciais

Pola súa excepcionalidade, debemos deternos brevemente no conxunto cerámico procedente do pecio da Illa da Rúa (Ribeira, A Coruña). Está vinculado co importante tráfico comercial que se está a desenvolver nos séculos XV e XVI na costa galega e entra en contacto co tráfico comercial atlántico (Castro Lorenzo, 2013). Entre 1400 e 1500 prodúcese unha reactivación das rutas comerciais e a economía. A partir do século XV multiplícanse os portos galegos con dereitos de carga e descarga, o que favorece o comercio marítimo cos comerciantes mediterráneos e as rutas atlánticas (Caramés Moreira, 2006: 209). Dende estes núcleos portuarios redistribúense aos principais centros urbanos, como será o caso de Santiago de Compostela, satisfacendo as demandas de importacións das clases máis podentes.

O comercio de máis longa distancia documéntase tamén con exemplares cerámicos procedentes de Portugal, como o prato exposto, de Italia, co pequeno fragmento de cerámica de tipo Montelupo, ou do norte de Europa, evidenciado co precioso fragmento de xerra de tipo Westfalia elaborado en gres alemán. Mesmo hai evidencias de afastadas factorías chinesas cos fragmentos de teteira de porcelana expostos nesta mesma vitrina.

O desenvolvemento deste comercio e intercambio a longa distancia só foi posible pola riqueza que se xerou na cidade durante a Idade Media e Moderna, produto da actividade comercial da burguesía compostelá. As manufacturas que se detallan aquí están destinadas ás clases con maior poder adquisitivo, malia que sexan obxectos de uso cotiá de servizo de mesa (Suárez Otero, 2005: 91).

Bibliografía de referencia:

Castro Lorenzo, M. L. 2009. "La vajilla de lujo en Santiago de Compostela en los siglos XVI y XVII: aportaciones de la arqueología". Revista de Estudios Provinciais, 22, pp. 123-158.

Castro Lorenzo, M. L. 2013: "El pecio de A Illa da Rúa (Ribeira, A Coruña, Galicia). Cerámicas y comercio en el marco atlántico bajomedieval. I Congreso de Arqueología Náutica y Subacuática Española: Cartagena, 14, 15 y 16 de marzo de 2013 [en línea], coordinación de la edición, Xavier Nieto Prieto, Abraham Ramirez Pernía, Patricia Recio Sánchez. [Madrid], Subdirección General de Documentación y Publicaciones, 222-226. www.sede.educacion.gob.es/publiventa/detalle.action?cod=20070C [Data consulta 30/03/2021]

Caramés Moreira, V; Castro Lorenzo, M.L; Suárez Otero, J (2006): "Cerámicas de lujo en la Galicia del S. XV", en *Os Capítulos da Irmandade: peregrinación y conflicto social en la Galicia del siglo XV*, SA de Xestión do Plan Xacobeo, Xunta de Galicia, 200-213.

Suárez Otero, J. 2003: "Cunca de louza popular e prato en azul e morado" en Marcelina Calvo Domínguez, Carmo Iglesias Díaz y Juan Navarro (coords.) *Luces de Peregrinación*, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2218 -221.

Para saber máis:

Coll Conesa, J. 2011. Manual de cerámica Medieval y Moderna. Sección de arqueología del CDL de Madrid. Madrid.

García Alén, L. 1983. La alfarería de Galicia. A Coruña.

Caramés Moreira, V. 2006: "Lozas sevillanas en Baiona en los siglos XV y XVI" en *Glaucoptis*, nº 12, 203 - 227.

Goggin, J. 1968: *Spanish Majolica in the New World*, Yale University Publications in Anthropology, no. 72. New Haven: Yale University Press.

Suárez Otero, J. 2005: "Apuntamentos sobre a vida cotiá na Galicia do século XV" e *Os capítulos da irmandade: peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, SA de Xestión do Plan Xacobeo, Xunta de Galicia 88-99.

**MOSTRA VIRTUAL:
«DESENTERRANDO VITRINAS»
RUTA ARQUEOLÓXICA POLO MUSEO DAS
PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO»**

XUÑO 2024